



DIARIO OFICIAL DE GALICIA

Ano XIX

Xoves, 27 de xaneiro de 2000

Nº 18

P.V.P. 205 ptas. (IVE incluído)

SUMARIO

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
I. DISPOSICIÓN XERAIS		III. OUTRAS DISPOSICIÓN	
CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS		CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	
— Corrección de erros.-Decreto 342/1999, do 16 de decembro, sobre horarios, quen- das de urxencia e vacacións de oficinas de farmacia.	1.094	— Orde do 10 de xaneiro de 2000 pola que se designan tres vocais da comisión de selección dos participantes nos dous cur- sos para a obtención do diploma de direc- tivo, convocados mediante resolución do director da Escola Galega de Adminis- tración Pública do 22 de novembro de 1999.	1.099
— Corrección de erros.-Decreto 343/1999, do 16 de decembro, polo que se crea o órgano autonómico de coordinación dos plans de investigación e control de deter- minadas substancias e os seus residuos en animais e os seus produtos con destino ó consumo humano.	1.094	— Resolución do 11 de xaneiro de 2000, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan as persoas interesadas no recurso contencioso-administrativo de procedemento abreviado 351/1999, inter- posto por José Manuel Vázquez Díaz.	1.099
CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE		CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	
— Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas de emprego e as súas clases, así como o procedemento para a súa cualificación e inscrición rexistral.	1.094	— Orde do 19 de xaneiro de 2000 pola que se amplía a do 13 de abril de 1993 (<i>Diario Oficial de Galicia</i> do 23) pola que se esta- blece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros de educación infantil, educación primaria e educación xeral básica.	1.099

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

- Orde do 13 de xaneiro de 2000 pola que se fixan os prezos privados esixibles pola prestación do servizo de venda de follas de reclamacións no Instituto Galego de Consumo. 1.100

CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

- Orde do 30 de decembro de 1999 pola que se fixa o prezo de venda ó público de diversas publicacións. 1.101

CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA

- Corrección de erros.-Orde do 17 de decembro de 1999 pola que se nomea o presidente do Consello Regulador Mexillón de Galicia. 1.101

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

- Decreto 10/2000, do 7 de xaneiro, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Lugo, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto 285 programa operativo local 99 Cospeito-estrada provincial Feira do Monte a Castro, alargamento e mellora do punto quilométrico 2,80 ó 5,90. 1.101
- Decreto 11/2000, do 7 de xaneiro, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Lugo, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto 96 plan de obras e servizos 98 O Vicedo-estrada provincial 64-01 de Suegos á Falcoeira, punto quilométrico 3,250 ó 4,475. 1.102

Páxs.

Páxs.

- Decreto 12/2000, do 7 de xaneiro, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Lugo, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto 289 programa operativo local 99, estrada provincial Rioxoán-Reguntille, alargamento e mellora, punto quilométrico 0,000-1,200. 1.102
- Decreto 13/2000, do 7 de xaneiro, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Lugo, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto 92 plan de obras e servizos 99 Castro de Rei-estrada provincial cinto comarcal, intersección en Reguntille, mellora. 1.103
- Resolución do 10 de decembro de 1999, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se dispón a inscrición no rexistro e publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do convenio colectivo de ámbito provincial para o sector do comercio de materiais de construción e saneamento. 1.103

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE

- Resolución do 13 de xaneiro de 2000 pola que se convoca un curso de reciclaxe. 1.117

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Resolución do 10 de xaneiro de 2000 pola que se nomea profesor-director dos dous cursos para a obtención do diploma de directivo, convocados mediante Resolución do 22 de novembro de 1999. 1.118
- Resolución do 10 de xaneiro de 2000 pola que se designan vocais da comisión de selección dos participantes nos dous cursos para a obtención do diploma de directivo, convocados mediante Resolución do 22 de novembro de 1999. 1.118
- Resolución do 10 de xaneiro de 2000 pola que se designa secretario da comisión de selección dos participantes nos dous cursos para a obtención do diploma de directivo, convocados mediante Resolución do 22 de novembro de 1999. 1.118

Páxs.

**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

- Resolución do 10 de xaneiro de 2000 pola que se publican os tipos de xuro máximos que as entidades financeiras aplicarán durante o ano 2000 ós préstamos subvencionados dos convenios en vigor de axuda financeira ás Pemes. 1.119

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Resolución do 21 de xaneiro de 2000, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fan públicas as listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo reservados a persoal laboral, regulados no Decreto 89/1997, do 10 de abril, correspondente á categoría 3 do grupo IV (auxiliar de clínica e outros), de conformidade co establecido na Resolución do 30 de xuño de 1999 (*Diario Oficial de Galicia* número 129, do 7 de xullo). 1.120

SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

- Resolución do 20 de xaneiro de 2000, da División de Recursos Humanos, pola que se fai público o acordo do tribunal do grupo de xestión da función administrativa de persoal estatutario do Servicio Galego de Saúde, relativo á celebración do cuarto exercicio da fase de oposición. 1.120

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Resolución do 23 de decembro de 1999 pola que se convocan probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico especialista en análise instrumental, vacante no cadro de persoal laboral desta universidade. 1.121

**V. ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA**

**XULGADO DO
CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO
NÚMERO UN DA CORUÑA**

- Edicto (385/1999-3). 1.128
— Edicto (791/1999-3). 1.128

Páxs.

VI. ANUNCIOS

**a) DA ADMINISTRACIÓN
AUTONÓMICA**

**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Resolución do 1 de decembro de 1999, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se fan públicas diversas adxudicacións de contratos administrativos. 1.129

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA**

- Anuncio do 24 de novembro de 1999, do recadador de zona da Coruña, polo que se relacionan procedementos de constrinximento pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan (*Áridos de Pardiñas, S.A.* e cento setenta e tres máis). 1.130
- Anuncio do 21 de decembro de 1999, da Dirección Xeral de Tributos, polo que se relaciona resolución de recurso de reposición pendente de notificar e se empraza o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia. 1.132

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS
E VIVENDA**

- Edicto do 1 de decembro de 1999, do Servicio Provincial de Estradas da Coruña, sobre cambio de titularidade do predio 81 dos afectados pola expropiación forzosa feita co gallo da obra N/LC/83.4 Ponte e accesos sobre os ríos Pego, Moaves e San Xoán C-543 de Santiago de Compostela a Noia, termo municipal de Santiago de Compostela. 1.132

**CONSELLERÍA DE INDUSTRIA
E COMERCIO**

- Resolución do 20 de setembro de 1999, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/116-2, 5266 A.T.). 1.133
- Resolución do 23 de novembro de 1999, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/196-2, 5317 A.T.). 1.133

- Resolución do 23 de novembro de 1999, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/199-2, 5319 A.T.). 1.133
- Resolución do 30 de novembro de 1999, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/225-2, 5305 A.T.). 1.133
- Resolución do 30 de novembro de 1999, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/226-2, 5312 A.T.). 1.134
- Resolución do 30 de novembro de 1999, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/230-2, 5316 A.T.). 1.134
- Resolución do 10 de decembro de 1999, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/41-1). 1.134
- Resolución do 10 de decembro de 1999, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/100-1). 1.135
- Resolución do 10 de decembro de 1999, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/101-1). 1.135
- Resolución do 10 de decembro de 1999, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/242-1). 1.135
- Resolución do 15 de decembro de 1999, da Delegación Provincial da Coruña, de autorización administrativa, declaración, en concreto, de utilidade pública e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 31/1999). 1.136

- Resolución do 15 de decembro de 1999, da Delegación Provincial da Coruña, de autorización administrativa, declaración, en concreto, de utilidade pública e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 55/1998). 1.136
- Resolución do 22 de decembro de 1999, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica que se cita. (Expediente 346/1997). 1.137
- Resolución do 22 de decembro de 1999, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica que se cita. (Expediente 54/1998). 1.137
- Resolución do 22 de decembro de 1999, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica que se cita. (Expediente 22/1999). 1.138

CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

- Resolución do 22 de novembro de 1999, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai pública a adxudicación dos contratos de servizo de cafetería e podoloxía en centros dependentes desta delegación provincial. 1.138
- Resolución do 20 de decembro de 1999, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se anuncia o concurso público, polo procedemento aberto e trámite de urxencia, para a contratación dos servizos de cafetería dos centros de Servizos Sociais de Celanova e Verín (Ourense). 1.139

SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

- Resolución do 15 de novembro de 1999, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra-Vigo, pola que se fan públicas as adxudicacións de varios contratos administrativos. 1.140

	<u>Páxs.</u>
— Resolución do 13 de decembro de 1999, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra-Vigo (área sur), pola que se acorda darlle publicidade á adxudicación dos concursos públicos 40/1999 e tres máis.	1.140
— Resolución do 13 de decembro de 1999, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra-Vigo (área norte), pola que se acorda darlle publicidade á adxudicación dos concursos públicos 20/1999 e tres máis.	1.141
 b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL 	
CONCELLO DE ALLARIZ	
— Anuncio.	1.142

	<u>Páxs.</u>
CONCELLO DE ARTEIXO	
— Anuncio.	1.143
— Anuncio.	1.143
— Anuncio.	1.143
CONCELLO DE LALÍN	
— Anuncio.	1.143
CONCELLO DE VIGO	
— Anuncio da aprobación inicial do proxecto de estatutos e bases de actuación para a constitución e funcionamento da xunta de compensación UE industrial II-03 Santo André de Comesaña (expediente 4168/401).	1.143
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	
— Anuncio de poxa, con procedemento aberto, para a contratación do Plan 2000 estradas 1998, 1ª fase.	1.144
— Anuncio de concurso con procedemento aberto.	1.144



DIARIO OFICIAL DE GALICIA

EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN

Secretaría Xeral da

Consellería da Presidencia

e Administración Pública

Edificio San Caetano

Teléfonos 981544268 – 981544270

Fax 981544272 – 981544273

Santiago de Compostela

ISSN 1.130-9229

Depósito Legal C. 73-1982

IMPRIME

Editorial Compostela, S.A.

R/. Preguntoiro, 29

Santiago de Compostela

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

Corrección de erros.-Decreto 342/1999, do 16 de decembro, sobre horarios, quendas de urxencia e vacacións de oficinas de farmacia.

Advertindo erro na citada resolución publicada no DOG nº 2, do 4 de xaneiro de 2000, cómpre efectua-la seguinte corrección:

Na páxina 66 no artigo 3.2º onde di: «...durante o mes de outubro á División de Farmacia e Productos Sanitarios...», debe dicir: «...durante o mes de novembro á División de Farmacia e Productos Sanitarios».

Corrección de erros.-Decreto 343/1999, do 16 de decembro, polo que se crea o órgano autonómico de coordinación dos plans de investigación e control de determinadas substancias e os seus residuos en animais e os seus produtos con destino ó consumo humano.

Advertido erro no devandito decreto, publicado no DOG nº 3, do 5 de xaneiro de 2000, cómpre face-las seguintes correccións:

-Na páxina 138, no artigo 3º, onde di: «Actuará como secretario da comisión o titular da Xefatura de Servicio de Protección da Saúde fronte a Riscos Específicos», debe dicir: «Actuará como secretario da comisión o titular da Xefatura de Servicio de Protección da Saúde fronte a Riscos Xerais».

CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE

Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas de emprego e as súas clases, así como o procedemento para a súa cualificación e inscrición rexistral.

Polo Real decreto 1375/1997, do 29 de agosto, foille transferida á Comunidade Autónoma de Galicia a xestión realizada polo Inem no ámbito do traballo, emprego e formación, transferencia que foi efectivamente asumida e asignada á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude en virtude do Decreto 289/1997, do 9 de outubro, en relación co Decreto 488/1997, do 26 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Na súa con-

secuencia, e dentro do ámbito funcional da Dirección Xeral de Fomento do Emprego, correspóndelle a cualificación e inscrición das iniciativas de emprego que se proxecten en Galicia.

Así mesmo, nos acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 1998-2001, asinado o 13 de xullo de 1998 pola Xunta de Galicia, a CEG, UGT-Galicia e o S.N. CC.OO. de Galicia, incídese na relevancia das iniciativas locais de emprego para lles dar resposta ás novas necesidades sociais a través de actividades xeradoras de emprego cualificadas como novos viveiros de emprego e para favorece-la fixación de poboación, principalmente nova, no medio rural.

Co obxecto de dar un enfoque integral á promoción da iniciativa empresarial e do emprego no ámbito local e rural, e co obxecto de reforza-la colaboración das administracións no apoio á creación e consolidación de pequenas e medianas empresas para favorece-lo tecido empresarial e o emprego e unha maior diversificación das actividades no contorno local e no medio rural, considerouse conveniente modifica-la normativa autonómica reguladora destes programas.

A diferenza da normativa estatal, que regula nunha única norma-orde ministerial do 15 de xullo de 1999-mantense o sistema de regular por separado os aspectos de contido substantivo e o procedemento de cualificación do marco de axudas dirixido ás iniciativas de emprego.

Destácanse como novidades máis salientables as seguintes:

A redefinición e ampliación do concepto de iniciativas de emprego, mantendo as configuradas como iniciativas locais do emprego (ILES) e creando unha nova clase, as iniciativas de emprego rural (IER).

Parece necesario poñer en marcha unha acción específica dirixida a favorece-la modernización, o desenvolvemento e a diversificación das actividades productivas no medio rural galego, co fin de potencia-lo asentamento e a fixación da poboación, especialmente moza, nas zonas rurais. Nesta estratexia articúlanse as iniciativas de emprego rural, que se configuran como proxectos empresariais integrados en plans de actuación conxuntos froito da colaboración e cooperación dos departamentos sectoriais e o de emprego da Xunta de Galicia, dirixidos a promover, facilitar e apoia-la creación de novas actividades económicas e o desenvolvemento das xa existentes, co obxecto de favorece-la creación e consolidación do emprego e da riqueza nas zonas rurais.

Para a súa potenciación reformúlanse as formas de apoio e de participación das administracións locais e da Xunta de Galicia nos proxectos empresariais para a súa cualificación como iniciativa de emprego.

Así mesmo, e co obxecto de reforza-la implicación das administracións colaboradoras, e para profundar nas relacións de cooperación institucional, prevese que estas emitan informe razoado e documentado sobre a viabilidade do proxecto.

Neste contexto, e no marco dos acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia

1998-2001, este decreto ten por obxecto regula-las iniciativas de emprego e as súas clases, así como o procedemento para a súa cualificación e inscrición rexistral.

Polo anterior é polo que, por proposta da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día doce de xaneiro de dous mil,

DISPOÑO:

Capítulo I

Definición, clases e requisitos

Artigo 1º.-Definición e clases.

1. Poderán te-la consideración de iniciativas de emprego os proxectos empresariais innovadores e xeradores de emprego promocionados e apoiados pola Xunta de Galicia ou por administracións locais de carácter territorial desta Comunidade Autónoma.

2. As iniciativas de emprego poderán ser de dúas clases:

-Iniciativas de Emprego Local (ILES).

-Iniciativas de Emprego Rural (IER).

3. A cualificación dun proxecto empresarial como iniciativa de emprego correspóndelle á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, de acordo co procedemento establecido neste decreto.

Artigo 2º.-Requisitos.

1. Os referidos proxectos empresariais, para que poidan ser cualificados como iniciativas de emprego, deberán cumprir-los seguintes requisitos:

a) Proxectos empresariais, que reúnan condicións de viabilidade técnica, económica e financeira e xeren postos de traballo estables.

b) Proxectos apoiados pola Xunta de Galicia ou por administracións locais de carácter territorial desta Comunidade Autónoma e que vaian te-la sede social e fiscal no seu respectivo territorio. Entenderase que unha Administración apoia o proxecto cando poña á disposición do promotor a achega de recursos económicos e/ou materiais tales como infraestrutura ou servicios que favorezan a posta en práctica e/ou a xestión do negocio.

Para o caso de que colaboren varias administracións nun mesmo proxecto, debe consta-la forma de participación de cada unha delas, e a sede social e fiscal da empresa resultante terá que fixarse no territorio dalgunha das administracións colaboradoras.

c) Proxectos nos que o cadro de persoal previsto, ó constituírse en empresa, non sexa superior a vinte e cinco traballadores.

Excepcionalmente, cando concorran razóns de interese social para o desenvolvemento dunha actividade en zona determinada, poderán ser cualificadas como iniciativas de emprego proxectos que prevegan un cadro de persoal superior.

d) Que se trate de empresa privada de nova creación.

e) Que a produción de bens e servicios estea relacionada con actividades económicas emerxentes ou que, dentro dunha actividade tradicional na zona, cubra necesidades non satisfeitas na estrutura existente.

2. Cualificaranse como iniciativas locais de emprego (ILES) os proxectos empresariais innovadores que reúnan os requisitos establecidos no punto 1 deste artigo.

3. E cualificaranse como iniciativas de emprego rural (IER), aqueles proxectos empresariais innovadores nos que, ademais de reuni-los ditos requisitos, concorran as seguintes características: estar integrados nun plan de actuación conxunto elaborado por un departamento sectorial da Xunta de Galicia e a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, dirixido a dinamizar e consolidar-lo emprego e a actividade económica no medio rural galego, e apoiados polo departamento sectorial correspondente.

Artigo 3º.-Axudas e subvencións.

Os promotores ou as empresas resultantes dos ditos proxectos, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, sempre que se constituían como empresa e inicien a súa actividade nun prazo non superior a un ano desde que o proxecto empresarial foi cualificado como iniciativa de emprego, local ou rural, poderán beneficiarse das liñas de axudas e subvencións que estableza a Xunta de Galicia para a promoción e o estímulo das iniciativas de emprego reguladas neste decreto, de acordo cos requisitos e coas condicións que se fixen para os distintos tipos de axuda nas correspondentes ordes de convocatoria.

Con carácter xeral, e agás que nas ordes de convocatoria se dispoña outra cousa, as solicitudes de axudas e subvencións terán que presentarse antes de que transcorra un ano desde que se iniciou a actividade.

Con carácter excepcional, cando as características dos proxectos empresariais así o xustifiquen, na resolución de cualificación poderá ampliarse o prazo para iniciar-la actividade. Nestes supostos as solicitudes de axuda deberán presentarse antes de que transcorran dous anos desde a data de cualificación, e sempre que no dito prazo iniciasen a actividade.

Capítulo II

Procedemento de cualificación como iniciativa de emprego

Artigo 4º.-Solicitud de cualificación e documentación.

1. Poderán solicita-la cualificación como iniciativa de emprego os promotores de proxectos empresariais e as empresas constituídas dentro dun prazo máximo de seis meses anteriores ó momento no que se formule a solicitud de cualificación, sempre que non iniciasen a actividade.

2. A Administración colaboradora deberá emitir informe razonado e documentado sobre a viabilidade do proxecto empresarial, detallando os aspectos técnicos, de produción e comercialización, así como a valoración sobre as distintas fontes de financiamento do proxecto.

O dito informe será preceptivo no caso de que a Administración colaboradora sexa un departamento da Xunta de Galicia, e potestativo cando sexa unha Administración local de carácter territorial.

3. As solicitudes de cualificación como iniciativa de emprego, local ou rural, dirixiranse á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, e presentaranse no modelo normalizado que figura como anexo deste decreto, por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. As ditas solicitudes deberán ir xunto coa seguinte documentación:

a) Declaración do promotor ou, se é o caso, do representante da empresa de non ter iniciada a actividade empresarial.

b) Memoria explicativa da viabilidade do proxecto empresarial, detallando os aspectos técnicos de produción e comercialización, así como o plan de investimentos que se vaia realizar, con expresión detallada das fontes de financiamento.

c) Certificación da Administración pública colaboradora na que se especifique de forma detallada e concreta a infraestrutura, os instrumentos ou medios postos á disposición do promotor para a execución e/ou xestión do proxecto.

d) E, se é o caso, informe razoado e documentado da Administración colaboradora sobre a viabilidade do proxecto empresarial ó que se refire o punto 2 deste artigo.

Cando se achegue informe razoado e documentado da Administración colaboradora non será preciso xunta-la memoria da letra b) anterior.

Artigo 5º.-Instrucción e tramitación.

1. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se xunta a documentación sinalada no artigo anterior, requirirase o interesado para que nun prazo de 10 días emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, será tido por desistido da súa petición, de conformidade co preceptuado no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Cando se considere necesario poderáselle reclamar ó interesado a documentación relativa a calquera dos datos consignados na memoria achegada, concedéndolle un prazo de dez días para a súa presentación.

3. En caso de que se xulgue conveniente, poderase solicitar da Administración que apoia o proxecto unha ampliación do informe sobre a viabilidade ou sobre calquera outro aspecto do proxecto que poida resultar de interese.

Artigo 6º.-Resolución e recurso administrativo.

1. A competencia para coñecer e resolver sobre as solicitudes de cualificación de proxectos empresariais como iniciativas de emprego corresponderalles:

a) Ós delegados provinciais da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude,

competentes por razón do territorio, en atención ó domicilio social da empresa que se pretende constituír.

b) Ó director xeral de Fomento do Emprego cando se trate de proxectos empresariais apoiados por un departamento da Xunta de Galicia.

2. O prazo para resolver será dun mes, no caso de que se presente informe razoado e documentado da Administración que colabora no proxecto e, para o caso de que non se achegue o dito informe ou que este sexa incompleto, o dito prazo será de dous meses.

Os ditos prazos empezarán a computarse desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

Transcorridos os ditos prazos sen que recaese resolución expresa, poderase entender estimada a solicitude de cualificación.

3. Contra as resolucións dictadas neste procedemento poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, desde a súa notificación, ante a conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Artigo 7º.-Rexistro administrativo de iniciativas de emprego.

1. En cada unha das delegacións provinciais e na Dirección Xeral de Fomento do Emprego da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude levarase un rexistro administrativo de iniciativas de emprego, no que se inscribirán os proxectos empresariais cualificados como iniciativas locais de emprego ou como iniciativas de emprego rural.

2. A inscrición no rexistro administrativo farase de oficio e practicarase na mesma data en que se cualifique o proxecto empresarial como iniciativa de emprego, facéndose constar, como mínimo, a seguinte información:

a) Número de rexistro que se lle asigna, con identificación da súa clase e data de cualificación.

b) Datos de identificación do proxecto/empresa, con indicación do nome ou razón social, domicilio social e localidade.

c) Definición, obxecto e actividade económica.

d) Número previsto de postos de traballo que se van crear.

e) Identificación dos promotores do proxecto ou, se é o caso, do representante da empresa xa constituída.

f) Identificación da Administración local ou departamento da Xunta de Galicia que colabora no proxecto, e formas do dito apoio e, se é o caso, do plan de actuación no que se integra o proxecto.

g) Vencemento do prazo para constituírse en empresa e/ou inicia-la súa actividade.

3. As inscricións numeraranse correlativamente e constarán de nove díxitos, correspondendo os dous primeiros ó número de identificación provincial ou de Comunidade Autónoma, os tres seguintes exprésaran a orde secuencial, e os catro últimos indicarán o ano no que se cualifica e inscribe o proxecto empre-

sarial como iniciativa de emprego, e a continuación identificarase a súa clase coas siglas ILE ou IER.

4. Na resolución pola que se cualifique o proxecto empresarial como iniciativa de emprego deberá constar expresamente o número de inscrición e a clase de iniciativa.

5. As delegacións provinciais deberanlle comunicar á Dirección Xeral de Fomento do Emprego as inscricións realizadas.

Artigo 8º.-Obrigas.

1. No prazo dun ano desde a data da resolución de cualificación como iniciativa de emprego, os promotores deberán constituír-las empresas correspondentes e inicia-la actividade productiva obxecto do proxecto, agás nos supostos excepcionais previstos no último parágrafo do artigo 3º deste decreto. Transcorrido o dito prazo sen que se constituía e/ou inicie a actividade, a cualificación quedará sen efecto, procedéndose a practica-lo correspondente asento rexistral.

As empresas que teñan a súa orixe en proxectos cualificados como iniciativas de emprego poderán constituírse baixo calquera forma xurídica, incluídas as distintas fórmulas de economía social, tales como cooperativas ou sociedades laborais.

Entenderase que unha empresa está constituída desde o momento da súa inscrición no correspondente Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas. Cando se trate de empresario individual ou comunidade de bens, cando cause alta no Censo de Facenda.

Entenderase que inicia a súa actividade productiva cando cause alta no Imposto de Actividades Económicas.

2. O promotor do proxecto ou a empresa resultante está obrigada a comunicarlle ó órgano correspondente da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude a data da súa constitución e/ou do inicio da actividade dentro dos 15 días seguintes a aquel en que se produzan estas. As ditas circunstancias anotaranse no rexistro.

Disposicións adicionais

Primeira.-A numeración das inscricións das iniciativas de emprego, de conformidade co disposto no artigo 7º deste decreto, realizaranse continuando a orde de numeración prevista na normativa anterior.

Segunda.-No plano da colaboración interdepartamental, a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e as consellerías sectoriais poderán elaborar plans de actuación conxuntos que recollan a dinamización e consolidación de proxectos empresariais conceptuables como iniciativas de emprego coa finalidade de apoia-la creación de actividades económicas e/ou estruturas empresariais-tipo que leven consigo a xeración de emprego principalmente no medio rural.

Os instrumentos e mecanismos de colaboración deberán conte-lo programa ou plan de actuación, no

que se deberán especificar, entre outros, os seguintes extremos:

-Obxectivos de interese común.

-Características dos proxectos empresariais-tipo, para o seu encadramento no programa ou plan de acción, debendo figura-lo número mínimo de postos de traballo que se van crear e o investimento medio que se vai realizar para a posta en marcha e inicio da actividade.

-Requisitos que deben reuni-los promotores ou beneficiarios-tipo, con indicación de que, cando menos o proxecto, debe supoñe-la creación dun posto de traballo estable para desempregados.

-Formas de apoio que lles vai presta-la consellería sectorial que participe na elaboración dos plans ou programas de actuación ós proxectos empresariais definidos neles.

-Actuacións que van desenvolver cada unha das consellerías participantes na elaboración do plan.

Nos ditos instrumentos poderá preverse que a consellería sectorial interveña na xestión das solicitudes para a cualificación dos proxectos como iniciativas de emprego, así como na xestión das axudas e subvencións que convoque para a dita finalidade a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Para a implantación, o desenvolvemento e a execución destes plans de actuación sectorial poderán articularse mecanismos específicos de participación doutras administracións ou institucións, públicas ou privadas, co obxecto, de se-lo caso, de optimiza-la súa efectividade e resultado.

Disposición transitoria

Os procedementos incluídos no ámbito de aplicación deste decreto, iniciados con anterioridade á súa entrada en vigor, rexeranse pola normativa anterior.

Disposición derogatoria

Única.-Queda derogado o Decreto 347/1998, do 18 de decembro, polo que se regulan as iniciativas locais de emprego e o procedemento para a súa cualificación e inscrición rexistral.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude para dicta-las normas necesarias para o desenvolvemento e cumprimento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, doce de xaneiro de dous mil.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Manuela López Besteiro
Conselleira de Familia e Promoción do Emprego,
Muller e Xuventude

ANEXO I


**CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO,
MULLER E XUVENTUDE**

EXP. Nº

PROCEDEMENTO CUALIFICACIÓN INICIATIVAS DE EMPREGO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO FM340A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROMOTOR DO PROXECTO / OU REPRESENTANTE DA EMPRESA

APELLIDOS		NOME		DNI	
EN CALIDADE DE	ENDEREZO			Nº DE PROMOTORES ¹	
LOCALIDADE / CONCELLO		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO - FAX	

¹ Para o caso de que sexan varios os promotores, faranse consta-los datos en folia á parte ou na memoria provisional do proxecto

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO - EMPRESA

NOME OU RAZÓN SOCIAL					
DOMICILIO SOCIAL			LOCALIDADE / CONCELLO	PROVINCIA	
ADMINISTRACIÓN LOCAL DE CARÁCTER TERRITORIAL OU DEPARTAMENTO DA ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMICA QUE COLABORA NO PROXECTO ²				FORMA DE PARTICIPACIÓN	
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRIBIÓN)			CNAB	Nº DE EMPREGOS PREVISTOS	
CLASE (indíquese cun X o que procede) <input type="checkbox"/> ILE <input type="checkbox"/> IER			PROGRAMA DE ACTUACIÓN (só en caso de IER)		

² Para o caso de que sexan varias as administracións colaboradoras, faranse consta-los datos e a forma da participación en folia á parte

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (ART. 4.2.)

- MEMORIA EXPLICATIVA DA VIABILIDADE DO PROXECTO EMPRESARIAL.
 CERTIFICACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA COLABORADORA.
 INFORME RAZOADO E DOCUMENTADO DA ADMINISTRACIÓN COLABORADORA SOBRE A VIABILIDADE DO PROXECTO.

A persoa que asina abaixo, no seu propio nome e, se é o caso, da entidade que representa:

DECLARA que:

- A) Tódolos datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xunta son veraces.
 B) O proxecto refírese a unha empresa privada de nova creación que aínda non iniciou a súa actividade.

e **SOLICITA**:

Que o dito proxecto sexa cualificado como iniciativa de emprego da clase indicada e se proceda á súa inscrición no correspondente rexistro.

LEGISLACIÓN APLICABLE <i>Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas de emprego e as súas clases, así como o procedemento para a súa cualificación e inscrición rexistral.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 2000

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

- ³ Delegado/a provincial _____
 Director xeral de Fomento do Emprego _____

³ Indíquese cun X o órgano ó que se dirixe a solicitude

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 10 de xaneiro de 2000 pola que se designan tres vocais da comisión de selección dos participantes nos dous cursos para a obtención do diploma de directivo, convocados mediante resolución do director da Escola Galega de Administración Pública do 22 de novembro de 1999.

O artigo 6 do Decreto 294/1992, do 10 de setembro, modificado polo Decreto 1/1995, do 12 de xaneiro (DOG nº 9, do 13 de xaneiro) e 319/1996, do 26 de xullo (DOG nº 153, do 6 de outubro) polo que se regula o diploma de directivo, establece que a comisión que selecciona os aspirantes para participaren nos cursos para a obtención do citado diploma estará integrada, entre outros membros, por tres vocais designados polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública. En virtude do anterior,

DISPÕÑO:

Artigo único.-Designar como vocais da comisión que levará a cabo a selección dos participantes nos dous cursos para a obtención do diploma de directivo, convocados mediante resolución do director da Escola Galega de Administración Pública, do 22 de novembro de 1999, as seguintes persoas:

-Joaquín López-Rúa Soler, director xeral da Función Pública da Xunta de Galicia.

-Jaime Bouzada Romero, inspector xeral de Servizos da Xunta de Galicia.

-Javier Suárez García, director xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2000.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia e Administración
Pública

Resolución do 11 de xaneiro de 2000, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan as persoas interesadas no recurso contencioso-administrativo de procedemento abreviado 351/1999, interposto por José Manuel Vázquez Díaz.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu do Xulgado Contencioso-Administrativo número tres da Coruña, providencia pola que se admite a trámite a demanda correspondente ó recurso contencioso-administrativo, procedemento abreviado nº 351/1999, interposto por José Manuel Vázquez Díaz contra a resolución da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 11 de outubro de 1999, pola que se desestima recurso de alzada contra a Reso-

lución do 28 de xuño de 1999, do tribunal designado para xulga-las probas selectivas para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D), pola quenda de promoción interna.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo ó referido xulgado, o que se notifica para xeral coñecemento de tódalas persoas interesadas no procedemento e se emprazan para que poidan comparecer como parte nos autos no Xulgado do Contencioso-Administrativo número tres da Coruña no prazo de 9 (nove) días, contados desde o seguinte ó da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2000.

Joaquín López-Rúa Soler
Director xeral da Función Pública

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 19 de xaneiro de 2000 pola que se amplía a do 13 de abril de 1993 (Diario Oficial de Galicia do 23) pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros de educación infantil, educación primaria e educación xeral básica.

A regulación do procedemento para a implantación da xornada lectiva única nos centros de educación infantil, primaria e xeral básica, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, vén establecida na Orde do 13 de abril de 1993, DOG do 23 de abril, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Por Orde do 25 de xaneiro de 1999 (DOG do 27), amplíase a mencionada Orde do 13 de abril de 1993, facendo extensiva a súa aplicación ós centros públicos integrados, creados mediante Decreto 7/1999, do Consello da Xunta de Galicia do 7 de xaneiro e, ó mesmo tempo, establécese unha prórroga máis para o curso escolar 1999-2000 a aqueles centros que xa esgotaran as prórrogas previstas.

Tendo en conta que no curso 1999-2000 se implantou de xeito xeneralizado o ensino secundario obrigatorio e que os centros públicos integrados escolarizan, entre outros, alumnos deste nivel, estímase oportuno e conveniente que, mentres non se leve a cabo unha avaliación deste tipo de xornada nos centros citados, a regulación do procedemento para autoriza-la xornada lectiva única sexa a establecida na citada Orde do 13 de abril de 1993, ampliada pola Orde do 25 de xaneiro de 1999, ó mesmo tempo que se faga compatible que os centros que xa esgotaron as prórrogas previstas poidan seguir desen-

volvendo actividades docentes na mencionada xornada lectiva en sesión única de mañá.

Esta consellería, en virtude do previsto no artigo 1 do Decreto 213/1998, do 10 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Artigo único.

Amplíase o contido da Orde do 13 de abril de 1993, pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros de educación infantil, educación primaria e educación xeral básica, engadíndolle unha disposición transitoria cuarta co seguinte texto: os centros que veñan desenvolvendo a súa actividade docente en réxime de xornada única e esgoten as prórrogas previstas nesta orde poderán solicita-la correspondente prórroga ata que se estableza unha nova norma que regule a antedita xornada lectiva, que se baseará na avaliación que se levará a cabo nos centros públicos integrados que teñan este tipo de xornada.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2000.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

Orde do 13 de xaneiro de 2000 pola que se fixan os prezos privados esixibles pola prestación do servizo de venda de follas de reclamacións no Instituto Galego de Consumo.

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no artigo 5 do seu capítulo I do título II o que se entende por prezos privados, cualificándoos como aquelas contraprestacións que obteñan os órganos da Administración, entes e organismos autónomos como consecuencia da cesión ou do alleamento de bens ou da prestación de servizos sempre que exista oferta privada concorrente. Entenderase satisfeito este último requisito cando non haxa impedimento legal para acceder como oferente ó mercado de que se trate.

A lexislación en materia de consumo, a través principalmente da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, e da Lei 12/1984, do 28 de decembro, do Estatuto Galego do Consumidor e Usuario, recolle amplamente o

dereito do consumidor e usuario á protección da súa saúde e dos seus intereses económicos e sociais.

No cumprimento deste obxectivo, unha das vías para facilita-la tramitación das reclamacións e, en definitiva, defende-los dereitos e reestablece-los intereses lesionados dos consumidores, son as follas de reclamacións, que se configuran como un instrumento áxil para facilita-la remisión á Administración das denuncias por presuntas infraccións ós dereitos legalmente recoñecidos, así como daquelas reclamacións que os consumidores desexen someter á arbitrase de consumo.

Tendo en conta o anterior, por medio do Decreto 375/1998, do 23 de decembro, reguláronse as follas de reclamacións dos consumidores e usuarios, onde se establece un modelo de folla de reclamación, que nada impide a súa produción e comercialización no mercado, sempre que se respecte o devandito modelo inserido como anexo, no que se refire á forma e ó contido deste.

Nesta orde de cousas, o Instituto Galego de Consumo entende que para favorece-la implantación xenérica das devanditas follas en todo o mercado e co fin de dar cobertura á demanda, é preciso establecer unha canle de distribución ó público fixando os correspondentes prezos.

Segundo a disposición derradeira primeira do Decreto 375/1998, facúltase o conselleiro competente en materia de consumo para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do citado decreto.

Na súa virtude, por proposta do presidente do Instituto Galego de Consumo e logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda

DISPOÑO:

Artigo 1º

Establécese como prezo privado do xogo de folla de reclamación o que figura no anexo desta orde, que se obterá polo Instituto Galego de Consumo como consecuencia da contraprestación recibida pola súa venda.

Artigo 2º

Os xogos de follas de reclamacións serán facilitados nos servizos centrais e provinciais do Instituto Galego de Consumo.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2000.

Juan Rodríguez Yuste
Conselleiro de Industria e Comercio

ANEXO

-O prezo de cada xogo de follas de reclamacións será de 25 pesetas unidade.

-Este prezo entenderase co IVE incluído.

CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

Orde do 30 de decembro de 1999 pola que se fixa o prezo de venda ó público de diversas publicacións.

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 6 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandado e despois de emitido informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ó público das publicacións editadas por esta consellería e que se relacionan no anexo.

2. Estos prezos entenderanse con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 1999.

José María Hernández Cochón
Conselleiro de Sanidade e Servicos Sociais

ANEXO

-*Guía de Xestión Clínica da Incapacidade Temporal*: 1.800 pesetas (4,81 euros).

-*Programa Gallego de Eliminación del Sarampión*: 1.500 pesetas (9,02 euros).

-*Guía de Procedimientos de Prevención y Control de Enfermedades Transmisibles en el Medio Hospitalario*: 8.600 pesetas (51,29 euros).

-*Guía para a Xestión de Residuos Sanitarios*: 2.400 pesetas (14,42 euros).

-*Memoria de Xestión 1998 da Dirección Xeral de Saúde Pública*: 4.000 pesetas (24,04 euros).

-*Concerto para a Prestación Farmacéutica a través das Oficinas de Farmacia*: 800 pesetas (4,81 euros).

-*Manual de Procedementos de Atención Primaria*: 750 pesetas (4,51 euros).

-*Programa de Atención Sociosanitaria: Plan Estratégico*: 1.200 pesetas (7,21 euros).

-*Valoración por Obxectivos e Potencialidades no Traballo Social*: 1.100 pesetas (6,61 euros).

CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA

Corrección de erros.-Orde do 17 de decembro de 1999 pola que se nomea o presidente do Consello Regulador Mexillón de Galicia.

Advertido erro no texto da Orde do 17 de decembro de 1999 pola que se nomea o presidente do Consello

Regulador Mexillón de Galicia, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 1, do 3 de xaneiro de 2000, cómpre face-la seguinte corrección:

Onde di: «Artigo único.-Desígnase como presidente do Consello Regulador Mexillón de Galicia a José Filgueira Galbán», debe dicir: «Artigo único.-Desígnase como presidente do Consello Regulador Mexillón de Galicia a José Filgueira Galbán».

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

Decreto 10/2000, do 7 de xaneiro, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Lugo, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto 285 programa operativo local 99 Cospeito-estrada provincial Feira do Monte a Castro, alargamento e mellora do punto quilométrico 2,80 ó 5,90.

A Deputación Provincial de Lugo, en sesión que tivo lugar o día 27 de agosto de 1999, aprobou o proxecto 285 programa operativo local 99 Cospeito-estrada provincial Feira do Monte a Castro, alargamento e mellora do punto quilométrico 2,80 ó 5,90 e na sesión do 27 de setembro de 1999 acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ó abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens nos que se concreta a declaración de urxente expropiación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

A Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda emitiu informe favorable con data do 16 de decembro de 1999.

Considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, porque as obras de referencia figuran incluídas nun programa de cooperación económica local e os terreos son necesarios para a iniciación das obras dentro dos prazos sinalados pola normativa ó respecto.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e logo de deli-

beración do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día sete de xaneiro de dous mil,

DISPOÑO:

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, pola Deputación Provincial de Lugo para efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto 285 programa operativo local 99 Cospeito-estrada provincial Feira do Monte a Castro, alargamento e mellora do punto quilométrico 2,80 ó 5,90.

Santiago de Compostela, sete de xaneiro de dous mil.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Antonio Pillado Montero
Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

Decreto 11/2000, do 7 de xaneiro, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Lugo, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto 96 plan de obras e servicios 98 O Vicedo-estrada provincial 64-01 de Suegos á Falcoeira, punto quilométrico 3,250 ó 4,475.

A Deputación Provincial de Lugo, en sesión que tivo lugar o día 4 de setembro de 1999, aprobou o proxecto 96 plan de obras e servicios 98 O Vicedo-estrada provincial 64-01 de Suegos á Falcoeira, punto quilométrico 3,250 ó 4,475 e na sesión do 27 de setembro de 1999 acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ó abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens nos que se concreta a declaración de urxente expropiación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

A Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda emitiu informe favorable con data do 15 de decembro de 1999.

Considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, porque as obras de referencia figuran nun programa de cooperación económica local e os terreos son necesarios para a iniciación das obras dentro dos prazos sinalados pola normativa ó respecto.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ó Consello da Xunta de Gal-

cia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día sete de xaneiro de dous mil,

DISPOÑO:

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, pola Deputación Provincial de Lugo para efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto 96 plan de obras e servicios 98 O Vicedo-estrada provincial 64-01 de Suegos á Falcoeira, punto quilométrico 3,250 ó 4,475.

Santiago de Compostela, sete de xaneiro de dous mil.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Antonio Pillado Montero
Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

Decreto 12/2000, do 7 de xaneiro, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Lugo, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto 289 programa operativo local 99, estrada provincial Rioxoán-Reguntille, alargamento e mellora, punto quilométrico 0,000-1,200.

A Deputación Provincial de Lugo, en sesión que tivo lugar o día 16 de xullo de 1999, aprobou o proxecto 289 programa operativo local 99, estrada provincial Rioxoán-Reguntille, alargamento e mellora, punto quilométrico 0,000-1,200, e na sesión do 27 de setembro de 1999 acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ó abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens nos que se concreta a declaración de urxente expropiación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

A Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda emitiu informe favorable con data do 16 de decembro de 1999.

Considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, porque as obras de referencia figuran nun programa de cooperación económica local e os terreos son

necesarios para a iniciación das obras dentro dos prazos sinalados pola normativa ó respecto.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día sete de xaneiro de dous mil,

DISPOÑO:

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, pola Deputación Provincial de Lugo para efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto 289 programa operativo local 99, estrada provincial Rioxoán-Reguntille, alargamento e mellora, punto quilométrico 0,000-1,200.

Santiago de Compostela, sete de xaneiro de dous mil.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Antonio Pillado Montero
Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

Decreto 13/2000, do 7 de xaneiro, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial de Lugo, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto 92 plan de obras e servicios 99 Castro de Rei-estrada provincial cinto comarcal, intersección en Reguntille, mellora.

A Deputación Provincial de Lugo, en sesión que tivo lugar o día 20 de agosto de 1999, aprobou o proxecto 92 plan de obras e servicios 99 Castro de Rei-estrada provincial cinto comarcal, intersección en Reguntille, mellora, e na sesión do 27 de setembro de 1999 acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ó abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens nos que se concreta a declaración de urxente expropiación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

A Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda emitiu informe favorable con data do 16 de decembro de 1999.

Considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, por-

que as obras de referencia figuran nun programa de cooperación económica local e os terreos son necesarios para a iniciación das obras dentro dos prazos sinalados pola normativa ó respecto.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día sete de xaneiro de dous mil,

DISPOÑO:

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, pola Deputación Provincial de Lugo para efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto 92 Plan de obras e servicios 99 Castro de Rei-estrada provincial cinto comarcal, intersección en Reguntille, mellora.

Santiago de Compostela, sete de xaneiro de dous mil.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Antonio Pillado Montero
Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

Resolución do 10 de decembro de 1999, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se dispón a inscrición no rexistro e publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo de ámbito provincial para o sector do comercio de materiais de construción e saneamento.

Visto o texto do convenio colectivo para o sector do comercio de materiais de construción e saneamento (código 2700175), da provincia de Lugo, asinado o día 2 de novembro de 1999, pola representación da patronal (APEC) e das centrais sindicais FECOMA-CC.OO. (45,5%), MCA-UGT (27,3%), USO (18,2%) e FCM-CIG (9,1%), e de conformidade co disposto no artigo 90 puntos 2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

A delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordena-la inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta delegación, así como o seu depósito.

Segundo.-Remiti-lo texto do mencionado convenio á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Lugo, 10 de decembro de 1999.

Manuel Teijeiro Álvarez
Delegado provincial de Lugo
Asistentes e representantes

Representación sindical:

Por FECOMA-CC.OO. co 45,5%:

Jesús Varela Lodeiro.

Ramiro López Peruga.

Manuel Valín Ceide.

Ángel Barreiro Pérez.

Por MCA-UGT, co 27,3%:

Adolfo Mosteirín Turia.

Plácido Regueiro Gorgoso.

Pedro González Sordo.

Por USO, co 18,2%:

M^a del Carmen Arias Río.

Manuel Expósito López.

Por FCM-CIG, co 9,1%:

Ignacio Javier García Gómez.

Guillermo Rey Rouco.

Xosé Manuel Seixas Ares.

Representación patronal (APEC):

Hipólito Trinidad Losada.

Miguel Varela Varela.

Ricardo Castro López.

José Juan Meijide Calvo.

Manuel Sánchez Varela.

Juan Manuel Glez. Zaera Glez.

Silviano Pizarro Gómez.

Asesora:

Pilar Díaz Rodríguez.

Na cidade de Lugo e na sede da *Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Lugo*, sita na Avda. das Américas, 15-17 entreplanta, reúnen-se os representantes das centrais sindicais e da *Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Lugo*, relacionados na marxe, ás 20 horas do día 2 de novembro de 1999, logo de convocatoria cursada para o efecto co obxecto de negocia-lo convenio colectivo de traballo para a actividade de comercio de materiais de construción e saneamento da provincia de Lugo.

Aberta a sesión e despois de intercambios de distintos puntos de vista chégase ós seguintes acordos:

1. Aproba-lo convenio colectivo de traballo para a actividade de comercio de materiais de construción e saneamento da provincia de Lugo para o ano

1999, do que se xunta redacción con tódolos seus anexos.

2. Aproba-la táboa de retribucións revisada que figura no anexo I.

3. Publica-lo texto do convenio colectivo, táboas de retribucións coa vixencia que no dito texto se indica.

4. Remiti-la presente acta co texto do convenio e documentación adxunta á Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Galicia en Lugo para o seu rexistro e envío ó *Diario Oficial de Galicia* e ó BOP.

5. Que os atrasos de retribucións se aboarán no mes seguinte á publicación deste acordo no BOP ou *Diario Oficial de Galicia*, non obstante, a parte empresarial recomendará ós seus asociados o aboamento dos ditos atrasos antes de rematar 1999.

6. Autorizar expresamente a asesora da comisión negociadora Pilar Díaz Rodríguez para que se dirixa á delegación provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais para os efectos de proceder á tramitación, depósito e publicación.

7. A CIG manifesta o seu desexo de non asinar este convenio.

En proba de conformidade asínase esta acta polos integrantes da comisión negociadora, no lugar e data expresados no encabezamento, se ben non subscribe o acordo a CIG, que queda non obstante aprobado pola maioría absoluta da representación sindical e a totalidade dos representantes empresariais.

Asistentes e representantes:

Representación sindical:

Por FECOMA-CC.OO. co 45,5%:

Jesús Varela Lodeiro.

Ramiro López Peruga.

Manuel Valín Ceide.

Ángel Barreiro Pérez.

Por MCA-UGT, co 27,3%:

Adolfo Mosteirín Turia.

Plácido Regueiro Gorgoso.

Pedro González Sordo.

Por USO, co 18,2%:

M^a del Carmen Arias Río.

Manuel Expósito López.

Por FCM-CIG, co 9,1%:

Ignacio Javier García Gómez.

Guillermo Rey Rouco.

Xosé Manuel Seixas Ares.

Representación patronal (APEC):

Hipólito Trinidad Losada.

Miguel Varela Varela.

Ricardo Castro López.

José Juan Meijide Calvo.

Manuel Sánchez Varela.

Juan Manuel Glez. Zaera Glez.

Silviano Pizarro Gómez.

Asesora:

Pilar Díaz Rodríguez.

Na cidade de Lugo e na sede da *Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Lugo*, sita na avenida das Américas, 15-17, entreplanta, reúnese a comisión deliberadora do convenio de comercio e materiais da construción e saneamento constituída polos representantes das centrais sindicais e da *Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Lugo* relacionados á marxe, ás 20 horas, o día 23 de novembro de 1999, logo de convocatoria cursada para o efecto co obxecto de emenda-los erros advertidos no citado convenio e para tal efecto

ACORDAN:

1. Corríxi-la palabra paritaria que figura no último parágrafo da acta de constitución da comisión mixta deliberadora do convenio de comercio e materiais da construción e saneamento asinada o 1-2-1999, xa presentada no rexistro xeral do edificio administrativo de Lugo, que debe quedar suprimida.

2. Corríxi-lo acordo primeiro da acta de aprobación do convenio de comercio e materias da construción e saneamento presentada o 2 de novembro do ano en curso no rexistro xeral do edificio administrativo, que queda redactado como segue:

«Aproba-lo convenio colectivo de traballo para a actividade de comercio e materiais da construción e saneamento na provincia de Lugo para os anos 1999, 2000 e 2001, do que se xunta redacción con tódolos seus anexos».

3. Emenda-lo erro advertido no artigo 7 do convenio que queda redactado nos seguintes termos:

«Para o ano 1999, 2000 e 2001 o incremento económico atópase reflectido nos conceptos de salario base, gratificacións extraordinarias, retribución de vacacións e complementos salariais e extrasalarais que figuran no anexo I e artigo 6 do anexo IV».

4. Emenda doutros erros observados no contido do convenio, subscribindo os comparecentes o novo texto dos artigos rectificadas.

5. Autorizar expresamente a asesora da comisión negociadora, Pilar Díaz Rodríguez para que se dirixa á delegación provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais para os efectos de proceder á presentación desta actas de emenda.

E en proba de conformidade asinan esta acta os integrantes da comisión negociadora, con excepción dos representantes da FCM-CIG, no lugar e datas expresados no encabezamento.

CONVENIO COLECTIVO DE TRABALLO REVISADO PARA
A ACTIVIDADE DE COMERCIO DE MATERIAIS
DE CONSTRUCCIÓN E SANEAMENTO

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto.

O presente convenio colectivo regula as condicións de traballo en tódalas empresas que se dediquen

á actividade de comercio de materiais de construción e saneamento.

Artigo 2º.-Carácter.

As condicións que nel se estipulen teñen o carácter de mínimas e, na súa virtude, son nulos e non producirán efecto ningún entre as partes os pactos ou cláusulas que, individualmente ou colectivamente, impliquen condicións menos favorables para os traballadores.

Artigo 3º.-Lexislación supletoria.

No non previsto neste convenio será de aplicación a lexislación xeral e o convenio xeral do sector da construción publicado no BOE do 4-6-1998, así como o Acordo Sectorial Nacional do 24-5-1999.

Artigo 4º.-Ámbito funcional.

O convenio afecta a tódolos traballadores e empresas incluídas no ámbito funcional salvo o persoal directivo nivel I.

Artigo 5º.-Ámbito territorial.

Este convenio colectivo de traballo é de aplicación obrigatoria a toda a provincia de Lugo e afectará os centros de traballo radicados nela, aínda cando tivesen as empresas o seu domicilio social noutras, e ós traballadores que fosen trasladados doutras a esta.

Artigo 6º.-Vixencia e incrementos salariais.

A vixencia para efectos económicos deste convenio será desde o 1 de xaneiro de 1999 ó 31 de decembro do 2001, logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* o no BOP. Coas actualizacións que se recollen no artigo 6º.

Non obstante o anterior, e en evitación do baleiro normativo que noutro caso se produciría, unha vez rematada a súa vixencia inicial, ou a de calquera das súas prórrogas, continuará rexendo na súa totalidade tanto o seu contido normativo como no obrigatoriedade ata que sexa substituído por outro.

Artigo 7º.-Incrementos económicos.

Para o ano 1999, 2000 e 2001 o incremento económico atópase reflectido nos conceptos de salario base, gratificacións extraordinarias, retribución de vacacións e complementos salariais e extrasalarais que figuran no anexo I.

Artigo 8º.-Cláusula de garantía salarial.

No suposto de que o incremento anual do Índice de Prezos ó Consumo (IPC) o 31 de decembro de 1999 supere o 1,8% efectuarase unha revisión económica sobre o exceso do dito tanto por cento, para efectos de que sirva de base para a negociación colectiva seguinte.

O mesmo criterio fixado no parágrafo anterior operará, se é o caso, para a revisión económica dos anos 2000 e 2001, cando o IPC do 31 de decembro supere o IPC previsto nos Orzamentos Xerais do Estado respectivos, que servirán de base para fixa-los incrementos salariais sinalados no artigo 6º deste convenio.

A dita revisión, se é o caso, afectará ós conceptos previstos no artigo 6º deste convenio.

Artigo 9º.-Indivisibilidade e vinculación á totalidade.

Sendo as condicións pactadas un todo orgánico e indivisible, este convenio será nulo e quedará sen efecto no suposto de que a xurisdicción competente anulase ou invalidase algún dos pactos. Se se desata tal suposto as partes signatarias deste convenio comprométese a reunirse dentro dos 10 días seguintes ó da firmeza da resolución correspondente, para o obxecto de resolver-lo problema formulado. Se no prazo de 45 días, a partir da data da firmeza da resolución en cuestión, as partes signatarias non acadasen un acordo, comprométese a fixa-lo calendario de reunións para a negociación do convenio na súa totalidade.

Artigo 10º.-Rescisión.

A denuncia de rescisión ou revisión do convenio haberá de efectuarse cunha antelación de tres meses á súa data de terminación, mediante comunicación escrita á outra parte.

Artigo 11º.-Absorción, compensación, condicións mínimas e condicións máis beneficiosas.

As condicións deste convenio absorberán ou compensarán calquera outra que existan á entrada en vigor e as que puidesen establecerse durante a súa vixencia, con respecto das condicións máis beneficiosas que os traballadores teñan recoñecidas á entrada en vigor do convenio .

Artigo 12º.-Aviso previo do cesamento.

O persoal comprendido neste convenio obrígase a comunicar, por escrito, o cesamento na empresa, cos prazos seguintes:

Técnicos: tres meses, como mínimo.

Empregados: quince días de traballo efectivo como mínimo.

Persoal obreiro: dez días de traballo efectivo como mínimo.

Artigo 13º.-Conservación do equipo mecánico.

Todo traballador responsable dun equipo mecánico de traballo terá a obriga, durante a xornada laboral de traballo- e nos tempos mortos- de coidar da boa conservación e mantemento del, podéndose esixir responsabilidades, en caso contrario.

Artigo 14º.-Categorías profesionais.

Os empregados percibirán niveis retributivos que lles correspondan segundo a súa categoría profesional e aténdose, para iso, á clasificación que fai a ordenanza de traballo da construción, vidro e cerámica de 1970, modificada por Orde do 27 de xullo de 1973.

Réxime de traballo

Artigo 15º.-Xornada de traballo.

A xornada laboral normal de traballo será de 1.760 horas efectivas anuais de traballo que se rea-

lizarán en razón de 40 horas semanais, para repartir de luns a venres a razón de 8 horas diarias, sendo inhábiles sábados e domingos, conforme o calendario fixado pola comisión mixta do convenio.

A xornada para o ano 2000 será igualmente de 1.760 horas efectivas de traballo, e para o ano 2001 de 1.756 horas efectivas de traballo, sendo inhábiles sábados e domingos.

Artigo 16º.-Vacacións.

As vacacións terán unha duración de trinta días naturais para tódalas categorías.

O inicio das vacacións por parte dos traballadores farase sempre en día laborable, que non sexa venres, mentres subsista esta obriga no convenio xeral do sector da construción.

En todo momento haberá que averse ó disposto no artigo 38 do Estatuto dos traballadores que di textualmente:

1. O período de vacacións anuais retribuídas, non substituíbles por compensación económica, será o pactado en convenio colectivo ou contrato individual. En ningún caso a duración será inferior a trinta días naturais.

2. O período de desfrute fixarase de común acordo entre o empresario e o traballador, que tamén poderán convir na división en dous do período total. A falta de acordo haberá que averse ó disposto nos convenios colectivos sobre planificación anual das vacacións, respectándose, en calquera caso, os criterios seguintes:

a) O empresario poderá excluír como período vacacional aquel que coincida coa maior actividade productiva da empresa, logo de consulta cos representantes legais dos traballadores.

b) Por acordo entre o empresario e os representantes legais dos traballadores poderase fixa-los períodos de vacacións de todo o persoal, xa sexa en quendas organizadas sucesivamente, xa sexa con suspensión total de actividades laborais, sen máis excepcións que as tarefas de conservación, reparación e similares.

c) Cando exista un réxime de quenda de vacacións, os traballadores con responsabilidades familiares teñen preferencia a que as súas coincidán cos períodos de vacacións escolares.

d) Se existise desacordo entre as partes, a xurisdicción competente fixará a data que para o desfrute corresponda e contra a súa decisión non caberá recurso.

3. O calendario de vacacións fixarase en cada empresa. O traballador coñecerá as datas que lle corresponden dous meses antes, polo menos, do comezo do desfrute.

4. As vacacións desfrutaranse por anos naturais. No primeiro ano de prestación de servizos na empresa só se terá dereito ó desfrute da parte proporcional correspondente ó tempo realmente traballado durante o dito ano.

5. O dereito a vacacións non é susceptible de compensación económica. Non obstante, o persoal que cese durante o transcurso do ano, terá dereito ó aboamento do salario correspondente á parte de vacacións devengadas e non desfrutadas, como concepto integrante da liquidación da súa baixa na empresa.

6. Para efectos do devengo de vacacións, considerárase como tempo efectivamente traballado o correspondente á situación de incapacidade laboral transitoria, sexa cal for a súa causa. Non obstante, dado que o dereito ó desfrute de vacacións caduca co transcurso do ano natural, perderase aquel se ó vencemento deste o traballador continuase de baixa, aínda que manterá o dereito a percibir a diferenza entre a retribución de vacacións e a prestación de IT.

7. Unha vez iniciado o desfrute do período regulamentario de vacacións se sobreviñese a situación de incapacidade laboral transitoria, a súa duración computárase como días de vacación, sen prexuízo do dereito do traballador a percibir a diferenza entre a retribución correspondente a vacacións e a prestación de IT.

Se a incapacidade temporal se producise despois de pactada a data de inicio para o desfrute individual das vacacións e antes de chegar a dita data, o traballador manterá o dereito a desfrutar as vacacións ata o transcurso do ano natural, acordándose un novo período de desfrute despois de producida a alta da IT.

O parágrafo anterior non será de aplicación nos supostos de vacacións colectivas de todo un centro de traballo.

8. O desfrute das vacacións, como norma xeral e salvo pacto en contrario, terá carácter ininterrompido.

Artigo 17º.-Permisos e licencias.

1. O traballador, con aviso previo de polo menos corenta e oito horas, salvo acreditada urxencia, e xustificación posterior, está facultado para ausentarse do traballo, mantendo o dereito á percepción de todos aqueles conceptos retributivos que non se encontren vinculados de forma expresa á prestación efectiva da actividade laboral, por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

- a) Quince días naturais en caso de matrimonio.
- b) Tres días naturais por nacemento ou adopción dun fillo.
- c) Un día por matrimonio de fillos.
- d) Tres días naturais por falecemento do cónxuxe e parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- e) Dous días naturais por enfermidade grave do cónxuxe e parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- f) Un día, por traslado do domicilio habitual.

g) Polo tempo necesario para concorrer a exames como consecuencia dos estudos que estea realizando en centros de ensino, universitarios ou de formación profesional de carácter público ou privado recoñecidos.

Cando polos motivos expresados nos puntos b), c), d), e), o traballador necesite efectuar un desprazamento para o efecto, os prazos sinalados neles incrementaríanse en dous días naturais.

2. Nas mesmas condicións que as previstas no punto 1 deste artigo, o traballador poderá ausentarse do traballo polo tempo necesario para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal. Cando conste nunha norma legal un período determinado de ausencia, haberá que atenderse ó que esta dispoña, en canto á súa duración e compensación económica.

No suposto de que, polo cumprimento do deber ou desempeño do cargo público, o traballador perciba unha compensación económica, calquera que sexa a súa denominación, descontárase o importe dela da retribución a que tivese dereito na empresa.

Cando o cumprimento do deber antes referido supoña a imposibilidade de prestación de traballo en máis do 25% das horas laborables nun período de tres meses, a empresa encóntrase facultada para decidir o paso do traballador afectado á situación de excedencia forzosa, con tódolos efectos inherentes a ela.

3. Os traballadores, por lactación dun fillo menor de nove meses, terán dereito, sen perda ningunha de retribución, a unha hora diaria de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A muller, pola súa vontade, e igualmente sen perda de retribución, poderá substituír este dereito por unha redución da xornada laboral en media hora diaria coa mesma finalidade. No caso de que a nai e o pai traballen, este permiso poderá ser desfrutado unicamente por un deles.

4. O traballador que, por razóns de garda legal, teña ó seu coidado directo algún menor de seis anos ou un diminuído físico ou psíquico que non desempeñe outra actividade retribuída, terán dereito a unha redución da xornada de traballo, coa diminución proporcional do salario, entre un tercio e un máximo da metade da duración daquela.

O exercicio deste dereito por parte do traballador durante os primeiros nove meses de vida do menor é incompatible co previsto no punto 3 deste artigo.

Réxime económico

Artigo 18º.-Percepcións económicas.

1. Do conxunto de percepcións económicas, en diñeiro ou en especie, que o traballador obtén na relación de traballo por conta allea, unhas percíbeas como retribución ou contraprestación directa pola prestación do seu traballo e son as que constitúen o salario. Outras recíbeas como compensación de gastos, como prestación e os seus complementos e indemnizacións ou por modificacións na súa relación

de traballo, non formando ningunha delas parte do salario por ser percepcións de carácter extrasalarial.

2. Percepcións económicas salariais:

a) Salario base é aquela parte da retribución que se fixa atendendo exclusivamente á unidade de tempo, co rendemento normal esixible, de acordo coa táboa salarial exposta no anexo I.

b) Complementos salariais ou cantidades que, se é o caso, deban adicionarse ó salario base, atendendo ás seguintes circunstancias distintas da unidade de tempo:

Persoais, tales como antigüidade consolidada, se é o caso.

De posto de traballo, tales como as derivadas de traballo, incentivos, traballos feitos, complementos de actividade ou asistencia ou horas extraordinarias.

As cantidades que as empresas aboan libre e voluntariamente ós seus traballadores.

As pagas extraordinarias e a retribución de vacacións.

3. Percepcións económicas non salariais:

a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social e os seus complementos.

b) As indemnizacións ou suplidos por gastos que tivesen que ser realizados polo traballador como consecuencia da súa actividade laboral, tales como ferramentas e roupa de traballo, así como as cantidades que se aboan en concepto de axudas de custo, gastos de viaxe ou locomoción, complementos extrasalariais e aquelas diferencias de aluguer ou custo de vivenda que viñese percibindo o traballador, en aplicación do artigo 146.7º da derogada, para o sector da construción, ordenanza laboral da construción.

c) As indemnizacións por cesamentos, mobilidade xeográfica, suspensións, extincións, resolucións de contrato ou despedimento e accidente de traballo e enfermidade profesional.

4. Aqueles complementos salariais que teñan carácter funcional ou circunstancial como os de posto de traballo realizado, e as cantidades que as empresas aboan libre e voluntariamente, consideraranse non consolidables no salario do traballador e non se computarán como base das percepcións enumeradas no punto 2 dese artigo.

Artigo 19º.-Estructura das percepcións económicas.

1. Conceptos salariais e extrasalariais que forman parte da táboa de percepcións económicas.

a) Os conceptos son os seguintes:

Salario base.

Gratificacións extraordinarias.

Complementos salariais.

Complementos extrasalariais.

b) No concepto gratificacións extraordinarias enténdese incluída a retribución de vacacións.

c) En complementos salariais considéranse incluídos tódolos complementos que se pacten, que constitúan contraprestación directa do traballo e non compensación de gastos orixinados por asistir ou realiza-lo traballo.

d) En complementos extrasalariais considéranse incluídos cantos conceptos se pacten, de carácter indemnizatorio de gastos orixinados ó traballador pola prestación do seu traballo, tales como distancia, transporte, percorrido, ferramentas e roupa de traballo.

2. Dentro do citado espírito de homoxeneización e racionalización, acórdase establece-las proporcións que deben gardar algúns dos conceptos, en relación co total anual pactado na táboas de percepcións económicas deste convenio.

a) Os conceptos de salario base e gratificacións extraordinarias definidos no artigo anterior, sumados, deberán quedar comprendidos entre o 65% e o 75% do total anual das táboas do convenio para cada categoría ou nivel.

b) O complemento extrasalarial deberá quedar comprendido, durante 1999 para cada categoría ou nivel retributivo, entre o 5% e o 8%.

Durante os restantes anos da vixencia deste convenio estas porcentaxes variarán segundo a seguinte escala:

Ano 2000, entre o 5% e o 7%.

Ano 2001, entre o 5% e o 7%.

c) Os complementos salariais sumados ocuparán a restante porcentaxe que resulte de aplica-los dous criterios anteriores sobre o total anual das táboas do convenio, para cada categoría ou nivel retributivo.

3. Ademais dos conceptos sinalados, poderán existir no recibo de salarios dos traballadores as restantes percepcións a que fai referencia o artigo anterior.

Todo iso mentres subsistan estas obrigas no convenio xeral do sector da construción.

Artigo 20º.-Devengo das percepcións económicas.

1. O salario base devengarase durante tódolos días naturais, polos importes que, para cada categoría e nivel, se establecen no anexo I.

2. Os complementos salariais de convenio devengarase durante os días efectivamente traballados, polos importes que, para cada categoría e nivel, se fixen no anexo I.

3. O complemento extrasalarial de convenio devengarase durante os días de asistencia ó traballo, polos importes que se fixan no anexo I.

4. As pagas extraordinarias devengarase por días naturais, na seguinte forma:

a) Paga de xuño: do 1 de xaneiro ó 30 de xuño.

b) Paga de Nadal: do 1 de xullo ó 31 de decembro.

5. A remuneración anual mencionada comprenderá tódalas percepcións económicas pactadas no convenio, por nivel e categoría profesional.

De acordo coas formas de devengo, a remuneración anual virá dada pola seguinte fórmula:

$$RA = SB \times 335 + (PS + PE) \times \text{número de días efectivos de traballo} + \text{vacacións} + PX + PN.$$

RA = remuneración anual.

SB = salario base.

PS = pluses salariais.

PE = pluses extrasalariais.

PX = paga de xuño.

PN = paga de Nadal.

Artigo 21º.-Pagamento das percepcións económicas.

1. Pagamento do salario.

a) Tódalas percepcións, excepto as de vencemento superior ó mes, aboaranse mensualmente, por períodos vencidos e dentro dos primeiros cinco días hábiles do mes seguinte ó do seu devengo, aínda que o traballador terá dereito a percibir quincenalmente anticipos cunha contía non superior ó 90% das cantidades devengadas.

b) As empresas destinarán ó pagamento a hora inmediatamente seguinte á de finalización da xornada ordinaria, nas datas habituais de pagamento. Cando por necesidades organizativas se realice o pagamento dentro da xornada laboral, esta interromperase e prolongarase despois do horario de traballo polo tempo investido no pagamento, sen que en ningún caso tal prolongación poida exceder en máis dunha hora.

c) O tempo investido no pagamento de retribucións e anticipos a conta delas quedará exento do cómputo da xornada laboral, considerándose como de simple permanencia no centro de traballo e por tanto non retribuído para ningún efecto.

d) As empresas quedan facultadas para paga-las retribucións e anticipos a conta deles, mediante cheque, transferencia ou outra modalidade de pagamento a través de entidade bancaria ou financeira. Se a modalidade de pagamento fose o cheque, o tempo investido no seu cobramento será por conta do traballador.

As empresas que veñan obrigadas a efectuaren o pagamento de salarios por talón bancario ingresarán o importe deles, por petición do traballador, na conta bancaria que sinale o traballador, sen que iso poida ocasionar mingua ou gasto para os citados.

e) O traballador deberá facilitarlle á empresa, no momento do seu ingreso ou incorporación a ela, o seu Número de Identificación Fiscal (NIF), de conformidade coa normativa aplicable ó respecto.

2. O réxime retributivo salarial, para tódolos traballadores comprendidos neste convenio, será o establecido para cada categoría profesional nas táboas salariais, que figuran como anexo.

Para unha maior simplificación dos cálculos retributivos, como anexo a este convenio, tamén figurará a táboa de retribucións mensuais e anuais de tódalas categorías profesionais.

Para tódalas categorías, os salarios estipúlanse mensualmente, con independencia do número de días naturais de cada mes.

Cando proceda a aplicación do salario/día, resolverase dividindo a retribución mensual por trinta (30).

O persoal que cese durante o período de prórroga do convenio terá dereito a percibir como atrasos o tanto por cento que se determine o primeiro de ano entre a representación sindical e patronal, que terá como base o IPC previsto polo Goberno.

Artigo 22º.-Complemento de asistencia, puntualidade e produtividade.

Establécese este complemento, do que a contía figura no anexo I, para os traballadores que con rendemento normal e correcto e ademais coa debida puntualidade non teñan ningunha falta de asistencia, non xustificada, ó traballo.

O dito complemento será satisfeito unicamente por xornada completa realmente traballada.

No suposto de hospitalización do traballador, percibirá o complemento completo, pero, neste caso, non será cotizable á Seguridade Social nin accidentes de traballo pola súa condición de indemnización ou suplidos polo gastos realizados como consecuencia da súa situación laboral.

Polo seu carácter de complemento de calidade, queda excluído, directamente, da base de cálculo do importe das horas extraordinarias.

Artigo 23º.-Perda do complemento de asistencia, puntualidade e produtividade.

A primeira xornada non traballada completa suporá a perda de catro días de complemento.

A segunda xornada non traballada completa suporá a perda de dez días de complemento.

A terceira xornada non traballada completa suporá a perda do importe total mensual do dito complemento.

As faltas non xustificadas computaranse dentro de cada mes natural.

Para a determinación do complemento diario, para tódolos efectos, dividirase entre vintecinco (25) a cantidade que figura baixo este concepto nas táboas de salarios. A perda deste complemento é independente das sancións que por comisión de faltas de asistencia poidan ser impostas pola empresa, de acordo coas disposicións en vigor sobre a materia.

Para estes efectos non se entenden como faltas inxustificadas as faltas en situación de baixa oficial. Por enfermidade ou accidente, vacacións, licencias retribuídas ó amparo do convenio xeral do sector e demais disposicións legais e licencias retribuídas con permiso ou expresa autorización da empresa. A perda deste complemento é independente das sancións que, por comisión de faltas de asistencia, poidan ser impostas, pola empresa, de acordo coas disposicións en vigor sobre a materia.

Puntualidade. Respecto ó horario de traballo, por parte dos traballadores, a puntualidade é de neces-

saría observancia e esixiráselles a tódolos traballadores comprendidos neste convenio.

Enténdese por puntualidade a presenza do persoal á hora de comezo da xornada, no seu centro de traballo, así como non abandona-lo traballo, antes da finalización daquela.

Complementos salariais

Artigo 24º.-Antigüidade consolidada.

Como consecuencia do Acordo Sectorial Nacional da Construcción sobre o concepto económico de antigüidade, asinado o día 18 de outubro de 1996 (BOE do 21 de novembro), asúmense por ámbalas partes asinantes os seguintes compromisos:

a) Os traballadores manterán e consolidarán os importes ós que tivesen dereito polo complemento persoal de antigüidade o 21 de novembro de 1996.

Ó importe anterior así determinado adicionárase, se é o caso, a cada traballador que xa viñese percibindo algunha contía por este concepto, o importe equivalente á parte proporcional de antigüidade que o traballador tivese devengada e non cobrada o 21 de novembro de 1996, calculándose por defecto ou por exceso, por anos completos. Para o cálculo dos importes desta parte de antigüidade devengada e non cobrada teranse en conta os importes que para cada categoría e nivel fixe o convenio.

b) Os importes obtidos, ó abeiro do previsto na letra a), manteranse invariables e por tempo indefinido como un complemento retributivo ad personam, isto é, non sufrirán modificacións en ningún sentido e por ningunha causa, extinguíndose xuntamente co contrato do traballador afectado coa súa empresa. O dito complemento retributivo ad personam reflectirase nos recibos oficiais de salario coa denominación de antigüidade consolidada.

Artigo 25º.-Gratificacións extraordinarias.

1. Os traballadores afectados por este convenio terán dereito exclusivamente a dúas pagas extraordinarias ó ano, que se aboarán nos meses de xuño e decembro, antes dos días 30 e 20 de cada un deles.

2. A contía das pagas extraordinarias será, para cada categoría ou nivel, o importe que figura na táboa salarial do anexo I, máis antigüidade consolidada.

3. As ditas pagas extraordinarias non se devengarán mentres dure calquera das causas de suspensión de contrato previstas no artigo 45 do Estatuto dos traballadores.

Artigo 26º.-Proporcionalidade no devengo das pagas extraordinarias.

O importe das pagas extraordinarias para o persoal que, en razón da súa permanencia, non teña dereito á totalidade da súa contía será rateado conforme os seguintes criterios:

a) O persoal que ingrese ou cese no transcurso de cada semestre natural devengará a paga en pro-

porción ó tempo de permanencia na empresa durante este.

b) Ó persoal que cese no semestre respectivo faráselle efectiva a parte proporcional da gratificación no momento de realiza-la liquidación dos seus haberes.

c) O persoal que preste os seus servicios en xornada reducida ou a tempo parcial devengará as pagas extraordinarias en proporción ó tempo efectivamente traballado.

Artigo 27º.-Indemnizacións non salariais.

1. Complemento extrasalarial. Comprende complemento de transporte e distancia ata 12 km do centro urbano e roupa e calzado de traballo.

Será satisfeito, unicamente, en xornada realmente traballada completa e non será cotizable para efectos de Seguridade Social e accidentes de traballo, precisamente pola súa condición de indemnización ou suplido polos gastos realizados con consecuencia da súa actividade laboral.

Para a determinación deste complemento diario dividirase entre vintecinco (25) a cantidade que figura, para cada nivel profesional, neste artigo e nas táboas de retribucións mensuais e anuais anexas a este convenio.

Os traballadores comprendidos neste convenio ós que se lles esixa levar uniforme, serán provistos del pola empresa.

Os importes mensuais deste complemento, para cada nivel fíxanse na táboa anexa.

2. A paga de estudos atópase integrada nos importes de xuño e Nadal do anexo I.

Artigo 28º.-Compensación por enfermidade en accidente de traballo.

En caso de enfermidade común, accidente non laboral, accidente de traballo ou enfermidade profesional, o persoal en situación de incapacidade laboral transitoria percibirá, con cargo á empresa, polo período dun ano como máximo, o salario que lle corresponda por este convenio, incrementado coa antigüidade que, se é o caso, teña consolidada.

A empresa descontará deles, durante o dito período de tempo, as prestacións económicas que lle corresponda aboar ó INSS.

Artigo 29º.-Axuda por xubilación.

As empresas concederánlle un complemento de xubilación a aqueles traballadores que, con dez anos -como mínimo- de antigüidade na empresa, se xubilen voluntariamente durante a vixencia deste convenio.

A súa cantidade irá en función da seguinte escala:

Por xubilación voluntaria ós 60 anos: 12 mensualidades.

Por xubilación voluntaria ós 61 anos: 11 mensualidades.

Por xubilación voluntaria ós 62 anos: 10 mensualidades.

Por xubilación voluntaria ós 63 anos: 9 mensualidades.

Por xubilación voluntaria ós 64 anos: 8 mensualidades.

As ditas mensualidades serán calculadas sobre o salario base.

Para a súa percepción, haberán de solicitarse no prazo de tres meses desde o cumprimento da idade correspondente.

As mencionadas axudas soamente se lles concederán a aqueles traballadores que non se acollan ós beneficios determinados no artigo seguinte.

Outras disposicións

Artigo 30º.-Salario mínimo.

O salario mínimo interprofesional non modificará a estrutura deste convenio nin a contía das retribucións salariais pactadas nel sempre e cando se lle garantan ó traballador ingresos superiores, en cómputo anual ós mínimos fixados polas disposicións daquel salario mínimo interprofesional.

Artigo 31º.-Dos sindicatos e dos comités de empresa.

Haberá que averse ó disposto para o efecto no convenio xeral do sector e demais lexislación xeral aplicable.

Artigo 32º.-Contrato para traballo ou fixo de obra.

É o contrato que ten por obxecto a realización dunha obra ou traballo determinados.

Este contrato formalizarase sempre por escrito.

A duración do contrato e o cesamento do traballador axustarase a algúns destes supostos:

1. Con carácter xeral, o contrato é para unha soa obra con independencia da súa duración, e terminará cando finalicen os traballos do oficio e categoría do traballador na dita obra.

O cesamento dos traballadores deberá producirse cando a realización paulatina das correspondentes unidades de obra fagan innecesario o número dos contratados para a súa execución. Deberá reducirse este de acordo coa diminución real do volume de obra realizada.

O cesamento dos traballadores fixos de obra, por terminación dos traballos do seu oficio e categoría, deberáselle comunicar por escrito ó traballador cunha antelación de quince días naturais. Non obstante, o empresario poderá substituír este aviso previo por unha indemnización equivalente á cantidade correspondente ós días de aviso previo omitidos, calculada sobre os conceptos salariais das táboas do convenio, todo iso sen prexuízo da notificación escrita do cesamento. A citada indemnización deberá incluírse no recibo de salarios coa liquidación correspondente ó cesamento.

2. Non obstante o anterior, logo de acordo entre as partes, o persoal fixo de obra poderá prestar servizos a unha mesma empresa e en distintos centros

de traballo dunha mesma provincia durante un período máximo de tres anos consecutivos sen perder a dita condición e devengando os conceptos compensatorios que correspondan polos seus desprazamentos.

Neste suposto, a empresa deberá comunicarlle por escrito o cesamento ó traballador antes de cumprirse o período máximo de tres anos fixados no parágrafo anterior; cumprido o período máximo de tres anos, se non mediase comunicación escrita de cesamento, o traballador adquirirá a condición de fixo de cadro de persoal. En canto ó aviso previo de cesamento, haberá que averse ó pactado no suposto primeiro.

3. Se se producise a paralización temporal dunha obra por causas imprevisibles para o empresario principal e allea á súa vontade, tras lle dar conta a empresa á representación dos traballadores do centro ou, no seu defecto, á comisión paritaria provincial, operarán a terminación de obra e cesamento previstos no suposto 1. A representación dos traballadores do centro, ou no seu defecto a comisión paritaria, disporán, se é o caso, dun prazo máximo improrrogable dunha semana para a súa contestación, contado desde a notificación. O empresario contrae tamén a obriga de ofrecer un novo emprego ó traballador cesado cando as causas de paralización da obra desaparecesen. A dita obriga entenderase extinguida cando a paralización se convirta en definitiva. Logo do acordo entre as partes, o persoal afectado por esta terminación de obra poderá incluírse no regulado para o segundo suposto.

Este suposto non poderá ser de aplicación en casos de paralización por conflito laboral.

Nos supostos primeiro, segundo e terceiro establécese unha indemnización por cesamento do 4,50% calculada sobre os conceptos salariais das táboas do convenio devengados durante a vixencia do contrato.

Artigo 33º.-Outras modalidades de contratación.

1. Os traballadores que formalicen contratos dos regulados no Real decreto 2546/1994, ou norma que o substitúa, ou formalizasen contratos de fomento de emprego dos regulados polo Real decreto 1989/1984 con anterioridade á súa derogación, exceptuando o contrato de fixo de obra regulado no artigo anterior terán dereito, unha vez finalizado o contrato correspondente por expiración do tempo convido, a percibir unha indemnización de carácter non salarial por cesamento do 7%, se a duración fose igual ou inferior a trescentos sesenta e cinco días, e do 4,5% se a duración fose superior a trescentos sesenta e cinco días, calculada sobre os conceptos salariais das táboas do convenio aplicable devengados durante a vixencia do contrato.

Estes contratos formalizaranse sempre por escrito.

2. O contrato de duración determinado previsto no punto 1 b) do artigo 15 do Estatuto dos traballadores poderase concertar para cubrir postos en centros de traballo que non teñan a consideración de obra; terán unha duración máxima de doce meses

nun período de dezaioito meses, computándose a dita duración desde que se produza a causa que xustifica a súa realización. En tales supostos, considérase que se produce a causa que xustifica a realización do citado contrato, nos casos previstos no Estatuto dos traballadores, cando se incrementa o volume de traballo ou se considere necesario aumenta-lo número de persoas que realicen un determinado traballo ou presten un servicio.

3. As empresas afectadas por este convenio, cando utilicen os servicios de traballadores con contratos de posta á disposición, aplicarán as condicións pactadas nel.

4. Contrato para a formación.

4.1. O sector reconece a importancia que o contrato para a formación pode ter para a incorporación, con adecuada preparación, de determinados colectivos de mozos. Esta preparación debe recoller tanto o aspecto práctico de cada oficio como o coñecemento e adecuación ó sistema educativo xeral. Debemos por iso indica-la oportunidade que a formación teórica e práctica, correspondente ós contratos para a formación, se leve a cabo a través das institucións formativas de que se dotou o sector.

4.2. O contrato para a formación terá como obxecto a adquisición da formación teórica e práctica necesaria para o adecuado desempeño dun oficio cualificado no sector da construción.

4.3. Sen prexuízo da posible adaptación a novas tecnoloxías e a resultas da clasificación profesional actualmente prevista no artigo 31 do convenio xeral do sector construción, poderán ser obxecto deste contrato para a formación os oficios incluídos nos niveis VIII e IX da disposición transitoria primeira do convenio xeral do sector construción.

4.4. O contrato para a formación poderase realizar con traballadores que fixesen os dezaseis anos e sexan máis novos de vinteún anos que non teñan titulación requirida para formalizar contrato en prácticas no oficio ou posto obxecto de formación ou aprobado algún curso de formación profesional ocupacional homologado da mesma especialidade e cun número de horas teóricas equivalente ou superior ás previstas para a formación.

4.5. O tipo de traballo que debe presta-lo traballador en formación estará directamente relacionado coas tarefas propias do oficio ou posto cualificado, incluíndose os labores de limpeza e mantemento dos utensilios e ferramentas empregados no labor conxunto, coa dilixencia correspondente á súa aptitude e coñecementos profesionais.

Non poderán ser contratados baixo esta modalidade, por razón de idade, os menores de dezaioito anos para os oficios de vixilante, poceiro e estibador, nin para aquelas tarefas ou postos de traballo que expresamente fosen declarados como especialmente tóxicos, penosos, perigosos e insalubres, con independencia da prohibición legal de realizar horas extraordinarias e traballo nocturno en calquera actividade.

4.6. A duración do contrato non poderá ser inferior a seis meses nin exceder dos 3 anos, sen prexuízo do establecido no punto 4.10.

Cando se realice por un prazo inferior ó máximo establecido no parágrafo anterior, poderase prorrogar antes da súa terminación por acordo entre as partes, unha ou máis veces, por períodos non inferiores a seis meses, sen que o tempo acumulado, incluído o de prórrogas, poida exceder do referido prazo máximo. O aviso previo de finalización do contrato deberase axustar ós prazos e forma que indica o artigo 28.1º do convenio xeral do sector construción.

Expirada a duración máxima do contrato para a formación, o traballador non poderá ser contratado baixo esta modalidade pola mesma ou distinta empresa.

4.7. Para a impartición da ensinanza teórica adóptase como modalidade a acumulación de horas nun día da semana ou ben o necesario para completar unha semana enteira de formación. No contrato deberase especifica-lo horario de ensinanza.

O empresario, no contrato de traballo, vén obrigado a designa-la persoa que actuará como titor do traballador en formación, que deberá ser aquela que, polo seu oficio ou posto cualificado, desenvolva a súa actividade auxiliada por este, podendo asumir as titorías o propio empresario, sempre que desenvolva a súa actividade profesional na mesma obra que o traballador en formación.

4.8. A retribución dos contratados para a formación será a seguinte:

Táboas salariais de contratados para a formación:

De dezaseis e dezasete anos:

Primeiro ano: 55%.

Segundo ano: 60%.

De dezaioito e vinteún anos:

Primeiro ano: 65%.

Segundo ano: 70%.

Porcentaxes referidas ó salario do nivel IX das táboas de cada convenio.

A dita retribución enténdese referida a unha xornada do 100% de traballo efectivo.

4.9. O complemento extrasalarial regulado no artigo 64 do convenio xeral do sector construción devengarano os contratados en formación en igual contía que o sinalado no respectivo convenio colectivo provincial para o resto dos traballadores, durante os días que dure o contrato.

4.10. Toda situación de incapacidade temporal do contratado para a formación inferior a seis meses comportará a ampliación da duración do contrato por igual tempo ó que o contrato estivese suspendido.

4.11. Se, concluído o contrato, o contratado para a formación non continuase na empresa, esta entregalle un certificado acreditativo do tempo traballado con referencia ó oficio obxecto da formación

e do aproveitamento que, ó seu xuízo, obtivo na súa formación práctica.

Así mesmo, o traballador contratado para a formación terá dereito a unha indemnización por cesamento do 4,5 por cento, calculado sobre os conceptos salariais das táboas do convenio devengados durante a vixencia do contrato.

A *Fundación Laboral da Construcción*, a través dos seus centros propios ou colaboradores, dará a cualificación a través das probas correspondentes, previamente homologadas, tanto do aproveitamento teórico como práctico, e decidirá o seu pase á categoría de oficial.

Todo iso mentres subsistan estas obrigas no convenio xeral do sector construción.

Artigo 34º.-Conversión de contratos temporais en indefinidos.

De conformidade coa remisión á negociación colectiva contida no punto 2 b) da disposición adicional primeira da Lei 63/1997, do 26 de decembro, acórdase que a partir do 16 de maio de 1998 os contratos de duración determinada ou temporal, incluídos os contratos formativos, poderán ser convertidos en contratos para o fomento da contratación indefinida suxeitos ó réxime xurídico establecido na expresada disposición adicional.

Artigo 35º.-Recibo de liquidación.

1. O recibo de liquidación da relación laboral entre empresa e traballador deberá ser conforme o modelo que figura como anexo III deste convenio. A *Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Lugo* editarao e proverá de exemplares a tódalas empresas do sector da provincia.

2. Toda comunicación de cesamento ou de aviso previo de cesamento deberá ir acompañada dunha proposta de liquidación do modelo citado. Cando se utilice como proposta, non será preciso cubri-la parte que figura despois da data e lugar.

3. O recibo de liquidación, que será expedido pola *Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Lugo* numerado, selado e datado e terá validez unicamente dentro dos quince días seguintes ó da data en que foi expedido. A organización patronal que o expida virá obrigada a levar un rexistro que conteña os datos anteriormente expresados.

4. Una vez asinado polo traballador, o recibo de liquidación producirá os efectos liberatorios que lle son propios.

5. Nos supostos de extinción de contrato por vontade do traballador non serán de aplicación os parágrafos segundo e terceiro deste artigo.

6. O traballador, poderá estar asistido por un representante dos traballadores ou, no seu defecto, por un representante sindical dos sindicatos asinantes deste convenio no acto da sinatura do recibo de liquidación.

Aviso previo de cesamento

O persoal que cese incumprindo o requisito de comunicalo á empresa por escrito, con dez días de antelación, efectivos de traballo, perderá unicamente o dereito ó cobramento de tódalas percepcións correspondentes ós días de atraso no aviso previo.

Artigo 36º.-Formación continua.

Para aqueles traballadores que asistan a accións formativas presenciais, correspondentes á convocatoria da *Forcem*, durante os anos de vixencia deste convenio, xestionadas pola *Fundación Laboral da Construcción*, o 50% das horas que precise esa acción será dentro da xornada laboral, ou deduciránse dela na dita porcentaxe, sempre que se dean as seguintes condicións:

a) A empresa poderá denega-la asistencia dun traballador a unha acción formativa, mediante resolución motivada, por razóns técnicas, organizativas ou de produción. En caso de denegación o traballador poderá recorrer ante a Comisión Territorial da FLC.

b) Os traballadores que poden asistir ás accións formativas recollidas neste artigo non superarán anualmente o 10% dos cadros de persoal nin, naqueles centros de traballo con menos de dez traballadores poderá concorrer máis dun.

c) O 50% das horas a cargo da empresa suporá un máximo anual de 20 horas por traballador, podéndose distribuír nunha ou varias accións formativas.

d) O traballador solicitante deberá ter superado o período de proba e ter, en todo caso, unha antigüidade mínima dun mes na empresa.

e) Durante as horas formativas a cargo da empresa o traballador terá dereito ó salario que lle correspondería como se estivese traballando en xornada ordinaria.

f) O traballador deberá acreditar ante a empresa a asistencia á correspondente acción formativa.

g) Os permisos individuais de formación, recollidos no II Acordo nacional de formación continua, rexeranse polos dispostos no mesmo.

Artigo 37º.-Antigüidade dos candidatos en eleccións de representantes dos traballadores.

En desenvolvemento do disposto no artigo 69.1º do Estatuto dos traballadores e pola mobilidade do persoal no sector, acórdase que no ámbito deste convenio colectivo poderán ser elixibles os traballadores que teñan 18 anos cumpridos e unha antigüidade na empresa, polo menos, de tres meses.

Artigo 38º.-Indemnizacións por morte e incapacidade permanente absoluta derivada de accidentes de traballo ou enfermidade profesional.

1. Establécense as seguintes indemnizacións para tódolos traballadores afectados por este convenio:

a) En caso de morte derivada de enfermidade común ou accidente non laboral, o importe dunha

mensualidade de tódolos conceptos das táboas do convenio aplicables vixentes en cada momento.

b) En caso de morte, incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez derivadas de accidente de traballo ou enfermidade profesional, a cantidade de 5.500.000 ptas. no ano 1999, 5.750.000 ptas. no ano 2000 e de 6.000.000 de ptas. no ano 2001; para a súa cobertura as empresas subscribirán unha póliza individual ou colectiva que haberán de lle exhibir ó traballador que así llo solicite.

2. Salvo designación expresa de beneficiarios polo asegurado, a indemnización farase efectiva ó traballador accidentado ou, en caso de falecemento, ós beneficiarios do traballador, segundo as normas da Seguridade Social.

A indemnización comezará a obriga-lo día 1 do mes seguinte ó da entrada en vigor do convenio, e o seu importe considerarase entrega a conta das cantidades que como indemnización con cargo á empresa declarada responsable de accidente de traballo ou enfermidade profesional puideran fixa-los tribunais de calquera orde xurisdiccional.

Artigo 39º.-Comisión mixta paritaria.

Para interpreta-lo contido deste convenio, vixia-lo seu cumprimento e exercer funcións de arbitraje

nos problemas ou cuestións suscitadas como consecuencia da súa aplicación, noméase unha comisión mixta paritaria, integrada por un presidente que será o da comisión deliberadora e como vocais un representante por cada unha das centrais sindicais, asinantes do convenio, e un número de representantes da *Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Lugo*, igual ó total dos das centrais sindicais; será secretario o vocal de menor idade.

As partes poderán solicitar un asesor ou experto, cada unha delas.

As partes, someten expresamente á dita comisión mixta paritaria cantos problemas xurdan, individuais ou colectivos, na aplicación deste convenio. A este respecto fíxase como requisito para proceder, a submisión previa do asunto á comisión mixta paritaria do presente convenio.

Artigo 40º

No non previsto por este convenio haberá que a terse ó disposto no convenio colectivo xeral do sector da construción, e Acordo Sectorial Nacional, e demais normativa legal e regulamentaria, entendéndose derogada a ordenanza laboral da construción de 28-8-1970, salvo en materia de clasificación profesional.

Convenio provincial de comercio de materiais de construción e saneamento de Lugo. Ano 1999
Táboa de retribucións

Niveis	Categoría	Mensual				Anual			Total anual	Valor hora extraordinaria
		Salario base	Complementos Asist./Produc. puntualidade	Complemento extrasalarial	Total	Vacacións	Gratificacións			
							Xullo	Nadal		
II	Titulado superior	92.171	29.264	12.293	133.728	121.281	146.628	146.628	1.885.544	1.228
III	Titulado medio, xefe Admto. 1ª, xefe sección Org. 1ª	92.069	29.264	12.293	133.626	121.281	146.600	146.600	1.884.366	1.125
IV	Xefe de persoal, Axdt. de obra, encargado xeral de fábrica, encargado xeral	91.868	29.264	12.293	133.425	121.281	146.545	146.545	1.882.044	1.033
V	Xefe administrativo de 2ª, delineante superior, encargado xeral de obra, xefes de sección de organización científica do traballo de 2ª, xefe de compras	85.490	28.011	11.599	125.100	114.344	137.854	137.854	1.766.150	972
VI	Ofic. Admto. de 1ª, delineante de 1ª, xefe ou encargado de taller, encargado de sección de laboratorio, escultor de pedra e mármore, práctico de topografía de 1ª, técnico de organización, encargado de obra	79.259	25.821	10.391	115.471	112.322	134.118	134.118	1.650.738	962
VII	Delineante de 2ª, técnico de organización de 2ª, práctico de topografía de 2ª, analista de 1ª, viaxante, especialista de oficio, capataz	79.259	21.013	9.798	110.070	108.281	130.077	130.077	1.579.204	921
VIII	Oficial Admto. 2ª, corredor de praza, inspector de control, sinalización e servizos, analista de 2ª, oficial 1ª de oficio	79.259	19.692	9.588	108.539	107.765	129.561	129.561	1.560.815	910
IX	Auxiliar Admto. axudante topográfico, Aux. Organiz., vendedor, conserxe, oficial 2ª de oficio	79.259	10.425	8.475	98.159	104.152	125.948	125.948	1.435.796	849
X	Auxiliar de laboratorio, vixilante, almacenheiro, enfermeiro, cobrador, garda xurado, especialista de 1ª, axudante de oficio	79.259	9.715	8.334	97.308	103.596	125.392	128.392	1.424.767	844
XI	Especialista de 2ª, peón especial	79.259	9.506	8.267	97.032	103.431	125.227	125.227	1.421.236	842
XII	Limpadora, peón ordinario	79.203	3.252	7.534	89.989	101.353	123.134	123.134	1.337.499	793

ANEXO II

CONTRATO DE TRABALLO DE PERSOAL FIXO DE OBRA

En o de 19.....

REUNIDOS: por parte da EMPRESA,

Don	
DNI	En concepto de
Empresa	Nº CIF
Domicilio	Nº S.S. empresa
Domicilio centro de traballo	Nº S.S. centro de traballo

E DO TRABALLADOR,

Don	Nivel de estudos terminados	
Data de nacemento	DNI	Domicilio

ACORDAN formaliza-lo presente CONTRATO DE TRABALLO PERSOAL FIXO DE OBRA, que se rexerá polo disposto no convenio colectivo provincial de traballo para a actividade de, subscriba o día, e publicado no BOP de Lugo núm., de data, e no seu defecto polo convenio xeral do sector construción e demais normativa de xeral observancia e polas cláusulas particulares seguintes:

1.- O traballador prestará os seus servizos na categoría de: na obra de:

1.1.- Non obstante, ámbalas partes, tamén acordan que o traballador poderá prestar servizos á empresa, en distintos centros de traballo da provincia durante un período máximo de tres anos consecutivos, sen perde-la condición de "fixo de obra", devengado os conceptos compensatorios que correspondan polos seus desprazamentos.

1.2.- Se o traballador non aceptase, de modo expreso, a prestación de servizos noutras obras distintas da indicada no contrato, darase este por finalizado, debendo aboa-la empresa a indemnización que por cesamento se establece no convenio, consistente no 4,50% sobre os conceptos salariais devengados durante a prestación de servizos.

2.- O tempo convido é o de duración dos traballos da súa especialidade na obra, onde preste os seus servizos, coa particularidade establecida nos puntos 1.1 e 1.2 deste contrato, debendo comunicarse a terminación cun período de aviso previo de quince días, substituíble por unha indemnización equivalente ó importe dos conceptos salariais correspondentes ós días omitidos no aviso previo.

3.- O período de proba será de días efectivos de traballo. Durante o período de proba calquera das partes poderá dar por finalizada a relación laboral, sen aviso previo nin formalidade ningunha, nin dereito a indemnización.

4.- O traballador percibirá as retribucións correspondentes conforme o convenio vixente para a actividade.

5.- A situación de incapacidade laboral transitoria do traballador, durante o período de proba, implicará a interrupción deste mentres dura a incapacidade, podendo rescindir-se o contrato conforme o disposto na cláusula 3.

E en proba de conformidade, con todo o exposto, ámbalas partes asinan, por cuadruplicado exemplar, este documento, no lugar e data indicado.

O TRABALLADOR
(sinatura)

POLA EMPRESA
(selo e sinatura)

ANEXO III

RECIBO DE FINIQUITO DA RELACIÓN LABORAL		Nº 006071
Don con domicilio en:		
rúa/praza de: Núm. : piso:, con DNI Núm.:		
que traballou na Empresa: desde:		
ata: coa categoría profesional de: nivel:		
DECLARO que recibín desta, a cantidade de: ptas., en concepto de liquidación total pola miña baixa na dita empresa.		
Quedando así indemnizado e liquidado por tódolos conceptos que puidesen derivarse da relación laboral que unía as partes e que queda extinguida, manifestando expresamente que nada máis teño que reclamar.		
RECIBÍN: O TRABALLADOR (data e sinatura) o de de 19.....	POA EMPRESA (sinatura e selo)
Este documento ten unha validez de 15 días naturais contados desde a data de expedición pola "ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DA CONSTRUCCIÓN DE LUGO".		
Lugo o de de 19..... (Sinatura e selo)		

EXEMPLAR PARA A EMPRESA

ACORDO SECTORIAL NACIONAL DA CONSTRUCCIÓN
PARA OS ANOS 1999, 2000 E 2001

Preámbulo

As partes signatarias, integradas pola Federación Estatal de Metal, Construcción y Afines da Unión Xeral de Traballadores (Femca-UGT), e a Federación Estatal de Construcción, Madera y Afines de Comisiones Obreiras (Fecoma-CC.OO.), ambas en representación laboral, e a Confederación Nacional da Construcción (CNC), en representación empresarial, como organizacións máis representativas do sector da construción nos seus respectivos ámbitos, e facendo uso das previsións contidas no artigo 3.2º do convenio xeral do sector da construción (CXSC),

ACORDAN:

Artigo 1º.-Ámbito persoal e funcional.

Quedan obrigados polas disposicións do presente Acordo Sectorial Nacional (ASN) tódalas organizacións, asociacións e entidades que integren a empresas e traballadores afectados polo ámbito funcional do convenio xeral do sector da construción (CXSC).

Artigo 2º.-Ámbito territorial.

Este acordo será de aplicación en todo o territorio do Estado español.

Artigo 3º.-Ámbito temporal.

Este acordo estará vixente nos anos 1999, 2000 e 2001, logo da súa publicación no BOE.

Artigo 4º.-Alcance obrigacional e normativo.

1. As partes que subscriben este acordo, na súa condición de organizacións máis representativas do sector, de conformidade co disposto na Lei orgánica de liberdade sindical, incorporarán obrigatoriamente os ditos acordos ós convenios colectivos provinciais que se negocien en 1999, 2000 e 2001.

2. Os convenios provinciais que estean en vigor parte do ano manterán as condicións neles xa pactadas, en todo o seu contido, ata o seu termo temporal, en que se aplicará o disposto no punto anterior.

3. Os pactos contidos neste acordo serán de preferente aplicación sobre calquera outra disposición legal de carácter xeral que rexerá nas materias por el reguladas, salvo que sexan de dereito necesario, substituíndoas, por tanto, durante a súa vixencia.

Artigo 5º.-Xornada.

De acordo co establecido no artigo 70 do convenio xeral do sector da construción, a xornada ordinaria anual durante o período de vixencia deste acordo será de mil setecentas sesenta horas de traballo efectivo durante os anos 1999 e 2000 e de mil setecentas cincuenta e seis horas durante o ano 2001.

Artigo 6º.-Incrementos económicos.

1. Para o ano 1999, os convenios provinciais aplicarán un incremento do 2,3 por 100 sobre os conceptos de salario base, gratificacións extraordina-

rias, retribución de vacacións e complementos salariais e extrasalariais.

Para os anos 2000 e 2001 os convenios provinciais aplicarán, respectivamente, sobre os conceptos mencionados no parágrafo anterior, un incremento igual ó da previsión de inflación establecida para o ano respectivo na Lei de orzamentos xerais do Estado máis un 0,45% no ano 2000, e un 0,40% no ano 2001.

2. O importe das axudas de custo e medias axudas de custo, de acordo co disposto no artigo 85.6º do convenio xeral do sector fixarase no marco dos respectivos convenios colectivos provinciais.

3. Os convenios provinciais fixarán o prazo de pagamento dos atrasos correspondentes.

Artigo 7º.-Cláusula de garantía.

1. No suposto de que o Índice anual de Prezos ó Consumo (IPC) o 31 de decembro de 1999 supere o 1,8%, correspondente ó IPC previsto para 1999 nos orzamentos xerais do Estado efectuarase unha revisión económica para ese ano no exceso producido, para efectos de que sirva de base para as táboas salariais dos convenios do ano seguinte.

O mesmo criterio fixado no parágrafo anterior operará, se é o caso, para a revisión económica dos anos 2000 e 2001, cando o IPC o 31 de decembro supere o IPC previsto nos orzamentos xerais do Estado respectivos, que servirán de base para fixa-los incrementos salariais sinalados no artigo 6º.1 deste acordo.

2. A dita revisión, se é o caso, afectará os conceptos previstos no artigo 6º.1.

3. Esta cláusula adaptarase ó período de vixencia de cada convenio colectivo.

Artigo 8º.-Formación continua.

Para aqueles traballadores que asistan a accións formativas presenciais, correspondentes á convocatoria da Forcem durante os anos de vixencia deste acordo, xestionadas pola *Fundación Laboral da Construcción*, o 50% das horas que precise esa acción será dentro da xornada laboral, ou deduciranse dela na dita porcentaxe, sempre que se dean as seguintes condicións:

a) A empresa poderá denega-la asistencia dun traballador a unha acción formativa, mediante resolución motivada, por razóns técnicas, organizativas ou de produción. En caso de denegación, o traballador poderá recorrer ante a Comisión Territorial da FLC.

b) Os traballadores que poden asistir ás accións formativas previstas neste artigo non superarán anualmente o 10% dos cadros de persoal, nin, naqueles centros de traballo con menos de 10 traballadores, poderá concorrer máis dun.

c) O 50% das horas a cargo da empresa suporá un máximo anual de 20 horas por traballador, podendo distribuírse nunha ou varias accións formativas.

d) O traballador solicitante deberá ter superado o período de proba e ter, en todo caso, unha antigüidade mínima dun mes na empresa.

e) Durante as horas formativas a cargo da empresa o traballador terá dereito ó salario que lle correspondería como se estivese traballando en xornada ordinaria.

f) O traballador haberá de acreditar ante a empresa a asistencia á correspondente acción formativa.

g) Os permisos individuais de formación, recollidos no II Acordo nacional de formación continua, rexeranse polo disposto nel.

Artigo 9º.-Comisión paritaria.

1. Acórdase constituír unha comisión paritaria para a interpretación e seguimento do pactado neste acordo.

2. A dita comisión estará composta por un máximo de doce membros, que serán designados por metades por cada unha das dúas partes, sindical e empresarial, na forma en que decidan as respectivas organizacións.

3. Os acordos da comisión paritaria adoptaranse, en todo caso, por unanimidade de ámbalas partes, sindical e empresarial. O seus acordos interpretativos deste Acordo Sectorial Nacional terán a mesma eficacia que a da cláusula que fose interpretada.

4. O funcionamento da comisión realizarase da forma que esta acorde, asumíndose xa os acordos ó respecto adoptados pola comisión paritaria do artigo 20 do convenio xeral do sector da construción, así como o procedemento para solventar as posibles discrepancias, previsto no ASEC e asumido polas partes no convenio xeral do sector da construción.

5. En todo caso, a comisión paritaria reunirse nos meses de xaneiro dos anos 2000 e 2001 para enviar ó BOE a suba salarial aplicable a ese ano e, se é o caso, a revisión económica prevista no artigo 7º deste acordo.

Artigo 10º.-Denuncia.

Para lle dar cumprimento ó previsto no artigo 85.2º d) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, as partes signatarias fan constar expresamente que o presente acordo non precisa denuncia previa para a súa total extinción o 31 de decembro do ano 2001.

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE

Resolución do 13 de xaneiro de 2000 pola que se convoca un curso de reciclaxe.

Dentro dos programas de actividades que a Academia Galega de Seguridade ten previsto realizar

no ano 2000, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 4/1992, do 9 de abril, de creación da Academia Galega de Seguridade, anúnciase a realización dun curso de reciclaxe para policía locais, segundo o previsto no artigo 23 da Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policía locais, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Obxectivos.

O curso ten por obxectivos dota-los policía dunha formación complementaria en materia de actualización policial, que lles sexa útil no desempeño posterior da súa profesión.

Destinatarios.

O curso vai dirixido a todos aqueles policía locais de Galicia que non ingresaran no corpo de policía local a través da Academia Galega de Seguridade.

Inscrición.

A inscrición dos participantes será totalmente grauíta, debéndose comunicar esta, antes do 15 de febreiro de 2000 para efectuar-la correspondente reserva de praza.

Prazas.

Sen límite.

Solicitudes.

1. Os policía que desexen asistir a este curso deberán remitir un escrito, a través dos concellos, á Academia Galega de Seguridade, solicitando a participación no curso de reciclaxe para policía locais, para efectuar-la correspondente reserva de praza para a realización do devandito curso.

2. O prazo para a remisión de escritos rematará o día 15 de febreiro de 2000.

3. Os escritos deberán enviarse á Academia Galega de Seguridade: Avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada.

Contido e duración.

O curso terá lugar na Academia Galega de Seguridade, sita na Avenida da Cultura, s/n, no concello da Estrada, os mércores en horario de mañá e tarde, e terá unha duración de 180 horas lectivas.

O curso está composto polas seguintes áreas:

-Área xurídica.

-Área humanística.

-Área técnica policial.

-Área operativa policial.

Datas.

O curso principiará o vindeiro 1 de marzo de 2000.

O horario será das 9.45 ás 14 horas, e das 16 ás 20 horas.

Desenvolvemento do curso.

Os alumnos da Academia Galega de Seguridade, durante o seu período de permanencia na academia,

rexeranse polo Regulamento de réxime interior desta, publicado no DOG do 28-7-1995, nº 144.

Certificado.

Ó remate do curso entregaráselles un certificado a aquelas persoas que acrediten a súa participación continuada a el e que superen as correspondentes probas de coñecementos.

Modificacións.

A Academia Galega de Seguridade poderá modifica-lo desenvolvemento do curso para adaptalo ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 13 de xaneiro de 2000.

Juan José Fariñas-Ferro Rodríguez
Director xeral da Academia Galega de Seguridade

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 10 de xaneiro de 2000 pola que se nomea profesor-director dos dous cursos para a obtención do diploma de directivo, convocados mediante Resolución do 22 de novembro de 1999.

O Decreto 294/1992, do 10 de setembro, modificado polo Decreto 1/1995, do 12 de xaneiro (DOG nº 9, do 13 de xaneiro), e 319/1996, do 26 de xullo (DOG nº 153, do 6 de outubro), regula o diploma de directivo, establecendo que, para ocupar os postos de traballo de libre designación que así se determinen nas relacións de postos de traballo, será requisito necesario estar en posesión do diploma de directivo ou doutros diplomas que habiliten para o posto do que se trate.

Segundo dispón o artigo 7 do citado decreto, a Escola Galega de Administración Pública designará un profesor-director dos cursos.

Convocados, por Resolución do 22 de novembro de 1999, dous cursos para a obtención do diploma de directivo,

RESOLVO:

Nomear profesor-director dos dous cursos para a obtención do diploma de directivo, convocados mediante resolución do director da Escola Galega de Administración Pública, do 22 de novembro de 1999, a Koldo Echebarría Ariznabarreta profesor de xestión pública e director de anteriores cursos para a obtención do diploma de directivo da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2000.

Domingo Bello Janeiro
Director da Escola Galega de Administración
Pública

Resolución do 10 de xaneiro de 2000 pola que se designan vocais da comisión de selección dos participantes nos dous cursos para a obtención do diploma de directivo, convocados mediante Resolución do 22 de novembro de 1999.

O artigo 6 do Decreto 294/1992, do 10 de setembro, modificado polo Decreto 1/1995, do 12 de xaneiro (DOG nº 9, do 13 de xaneiro), e 319/1996, do 26 de xullo (DOG nº 153, do 6 de outubro), polo que se regula o diploma de directivo, establece que a comisión que efectúa a selección dos aspirantes para participaren nos cursos para a obtención do citado diploma estará integrada, entre outros membros, por un profesor das universidades de Galicia e por un funcionario que estea en posesión do diploma de directivo. En virtude do anterior,

DISPOÑO:

Artigo único.-Designar como vocais da comisión que levará a cabo a selección dos participantes nos dous cursos para a obtención do diploma de directivo, convocados mediante resolución do director da Escola Galega de Administración Pública do 22 de novembro de 1999, as seguintes persoas:

-Pablo González Mariñas, profesor titular de dereito administrativo da Universidade de Santiago de Compostela.

-José Ramón Pardo Cabarcos, secretario xeral da EGAP.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2000.

Domingo Bello Janeiro
Director da Escola Galega de Administración
Pública

Resolución do 10 de xaneiro de 2000 pola que se designa secretario da comisión de selección dos participantes nos dous cursos para a obtención do diploma de directivo, convocados mediante Resolución do 22 de novembro de 1999.

O artigo 6 do Decreto 294/1992, do 10 de setembro, modificado polo Decreto 1/1995, do 12 de xaneiro (DOG nº 9, do 13 de xaneiro) e 319/1996, do 26 de xullo (DOG nº 153, do 6 de outubro) polo que se regula o diploma de directivo, establece que a comisión que selecciona os aspirantes para participaren no curso para a obtención do citado diploma estará integrada, entre outros membros, por un secretario, que deberá ser un funcionario destinado na Escola Galega de Administración Pública. En virtude do anterior,

DISPOÑO:

Artigo único.-Designar a Manuel Braña Gutiérrez como secretario da comisión que levará a cabo a

selección dos participantes nos dous cursos para a obtención do diploma de directivo, convocados mediante resolución do director da Escola Galega de Administración Pública do 22 de novembro de 1999.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2000.

Domingo Bello Janeiro
Director da Escola Galega de Administración
Pública

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 10 de xaneiro de 2000 pola que se publican os tipos de xuro máximos que as entidades financeiras aplicarán durante o ano 2000 ós préstamos subvencionados dos convenios en vigor de axuda financeira ás Pemes.

De conformidade cos convenios de colaboración de axuda financeira ás Pemes asinados coas entidades financeiras durante os anos 1992, 1993, 1994, 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999, os tipos de xuro dos préstamos subvencionados pola Xunta de Galicia, que se formalizaron ó abeiro dos ditos convenios, serán variables por semestres naturais. Para os acoñados ó convenio do ano 1991, estableceuse un sistema de variación do tipo de xuro para exercicios futuros por anos naturais.

Así mesmo, a Resolución do 17 de marzo de 1988, da Dirección Xeral de Tributos e Política Financeira (DOG nº 77, do 25 de abril), dispón que ante a evolución do medio financeiro e a dinámica establecida nas variacións dos tipos de xuro, e co fin de adecualo custo dos créditos para os beneficiarios dos préstamos subvencionados ós prezos de mercado de cada ano, a Consellería de Economía e Facenda, segundo o establecido no texto dos correspondentes convenios de colaboración asinados coas entidades financeiras, fixará dentro do primeiro semestre de cada ano en curso os tipos de xuro vixentes para os préstamos de cada convenio.

Visto o exposto, e unha vez verificados os datos relativos á evolución dos tipos de referencia durante o período establecido nos citados convenios, e en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Os tipos de xuro máximos que se aplicarán durante o primeiro semestre do ano 2000 ós préstamos en vigor dos convenios de axuda finan-

ceira ás Pemes dos anos 1992, 1993, 1994, 1995, 1996, 1997, 1998 e 1999 serán os seguintes:

-Préstamos do convenio 1992: 5,60%.

-Préstamos do convenio 1993: 5,20%.

-Préstamos do convenio 1994: 5,20%.

-Préstamos do convenio 1995: 5,20%.

-Préstamos do convenio 1996: 5,40%. No caso de que o tipo adicional sexa inferior ó 1,75, o tipo de xuro que se aplique será o resultado de engadir ó tipo de referencia (3,66) o tipo adicional que pactasen as partes. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais, arredondarase ata a máis próxima vixésima parte do punto.

Préstamos do convenio 1997: 4,70%. No caso de que o tipo adicional sexa inferior ó 1,25, o tipo de xuro que se aplique será o resultado de engadir ó tipo de referencia (3,47) o tipo adicional que pactasen as partes. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais, arredondarase ata a máis próxima vixésima parte do punto.

Préstamos do convenio 1998: 4,70%. No caso de que o tipo adicional sexa inferior ó 1,25, o tipo de xuro que se aplique será o resultado de engadir ó tipo de referencia (3,47) o tipo adicional que pactasen as partes. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais, arredondarase ata a máis próxima vixésima parte do punto.

Préstamos do convenio 1999: 4,65%. No caso de que o tipo adicional sexa inferior ó 1,15, o tipo de xuro que se aplique será o resultado de engadir ó tipo de referencia (3,484) o tipo adicional que pactasen as partes. Se o tipo de xuro resultase con varios decimais, arredondarase ata a máis próxima vixésima parte do punto.

Segundo.-O tipo de xuro máximo que se aplicará durante o ano 2000 ós préstamos en vigor do convenio do ano 1991 será o 7,20%.

Terceiro.-As entidades financeiras deberán comunicar ós beneficiarios dos préstamos subvencionados a variación do tipo de xuro.

Cuarto.-O tipo de xuro do préstamo resultante para o beneficiario, é dicir, o nominal menos os puntos de subsidiación, non poderá ser inferior ó límite fixado nos respectivos convenios. No caso de que sexa inferior limitarase a subsidiación ata o citado límite. Para o caso de que o tipo de xuro nominal sexa igual ou inferior ó límite, suspenderase a subsidiación e o tipo de xuro que se aplique á operación de préstamo será o que lle corresponda segundo o estipulado no punto primeiro ou segundo da presente resolución.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2000.

José Antonio Orza Fernández
Presidente do Instituto Galego de Promoción
Económica

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 21 de xaneiro de 2000, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fan públicas as listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo reservados a persoal laboral, regulados no Decreto 89/1997, do 10 de abril, correspondente á categoría 3 do grupo IV (auxiliar de clínica e outros), de conformidade co establecido na Resolución do 30 de xuño de 1999 (Diario Oficial de Galicia número 129, do 7 de xullo).

Publicada a Resolución do día 3 de decembro de 1999 (DOG nº 242, do 17 de decembro) relativo a publicación das listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo reservados a persoal laboral reguladas no Decreto 89/1997, do 10 de abril, e correspondente á categoría 3 do grupo IV (auxiliar de clínica e outros) e unha vez finalizados os prazos previstos nos puntos terceiro e cuarto do citado acordo e elaboradas as listas definitivas pola comisión permanente de selección para a cobertura de postos de traballo reservados a persoal laboral, na sesión que tivo lugar o día 20 de xaneiro de 2000, a Dirección Xeral da Función Pública

RESOLVE:

Primeiro.-Face públicas as listas definitivas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo reservados a persoal laboral da categoría 3 do grupo IV (Lista A) da forma que a continuación se indica:

Anexo I. Figuran os solicitantes incluídos na lista.

Anexo II. Figuran os solicitantes excluídos coa expresión da causa de exclusión.

Segundo.-Os citados anexos atópanse expostos nas seguintes dependencias:

-Dirección Xeral da Función Pública da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

-Servicio de Información e Atención ó Cidadán da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

-Delegacións provinciais da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

-Oficinas comarcais da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Terceiro.-No anexo I, ó que se refire o punto segundo desta resolución, figuran os solicitantes incluídos na lista da citada categoría.

Cuarto.-En todo caso, terán que acreditar no momento no que acepten o posto de traballo que se lles oferte a documentación precisa, tal e como

se dispón na base 4ª da resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 30 de xuño de 1999.

Quinto.-Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro da Presidencia e Administración Pública no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da publicación desta resolución no DOG, de acordo co artigo 114 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2000.

Joaquín López-Rúa Soler
Director xeral da Función Pública

SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 20 de xaneiro de 2000, da División de Recursos Humanos, pola que se fai público o acordo do tribunal do grupo de xestión da función administrativa de persoal estatutario do Servicio Galego de Saúde, relativo á celebración do cuarto exercicio da fase de oposición.

O punto 3º da base sexta a) da resolución da División de Recursos Humanos do Servicio Galego de Saúde do 28 de decembro de 1998 (DOG nº 9, do 15 de xaneiro de 1999) pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servicio Galego de Saúde, dispón que as datas de celebración das probas serán anunciadas no *Diario Oficial de Galicia* cun prazo mínimo de 10 días naturais de antelación.

Adoptado acordo polo citado tribunal sobre o lugar, data e hora de realización do cuarto exercicio da fase de oposición, procede agora darlle publicidade no DOG, facultándose para iso expresamente a esta División de Recursos Humanos do Servicio Galego de Saúde, polo que,

RESOLVE:

Primeiro.-Convoca-los aspirantes que superaron o terceiro exercicio da fase de oposición da categoría do grupo de xestión da función administrativa de persoal estatutario do Servicio Galego de Saúde, para a realización do cuarto exercicio da fase de oposición o vindeiro día 9, ás 17 horas, no Palacio de Congresos e Exposicións, sito en San Lázaro, s/n, de Santiago de Compostela.

Segundo.-Os aspirantes haberán de ir provistos necesariamente do documento nacional de identidade, permiso de conducir ou pasaporte, e de bolígrafo azul ou negro. O chamamento é único polo que se excluírá do concurso-oposición quen non compareza.

Terceiro.-A presente resolución poderá ser impugnada polos interesados nos termos previstos na base décima da citada convocatoria.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2000.

Valeriano Martínez García

Director xeral da División de Recursos Humanos

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 23 de decembro de 1999 pola que se convocan probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico especialista en análise instrumental, vacante no cadro de persoal laboral desta universidade.

Coa finalidade de atender as necesidades de persoal de administración e servizos, este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 18 en relación co artigo 3 e) da Lei 11/1983, do 25 de agosto (BOE do 1 de setembro), de reforma universitaria así como nos estatutos desta universidade, resolve convocar probas selectivas para cubrir unha praza de técnico especialista en análise instrumental, vacante no seu cadro de persoal laboral, con suxeición ás seguintes bases da convocatoria:

1. Normas xerais.

1.1. Convócanse probas selectivas para cubrir con persoal laboral fixo unha praza de técnico especialista en análise instrumental, incluída no grupo III do convenio colectivo para o persoal laboral das universidades públicas de Galicia (DOG do 18 de outubro de 1996), polo sistema de promoción interna.

1.2. De non cubrirse a praza reservada a promoción interna ofertarase para a súa provisión polo sistema de acceso xeral libre.

1.3. Os aspirantes só poderán participar nun dos dous sistemas de provisión.

1.4. O proceso selectivo constará das seguintes fases: oposición e concurso, coas probas e puntuacións que se especifican no anexo I.

1.5. A adxudicación da praza ó aspirante que supere o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación total obtida, sumadas ámbalas dúas fases.

1.6. O programa que rexerá as probas da fase de oposición é o que se relaciona no anexo II.

2. Requisitos de admisión.

2.1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante todo o proceso selectivo:

a) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea.

b) Ter cumpridos dezaoito anos de idade e non ter alcanzado a idade de xubilación.

c) Estar en posesión do título de bacharelato superior, formación profesional de segundo grao ou equivalente.

d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ter sido separado ou estar suspendido do servizo de calquera administración pública nin inhabilitado para o desempeño da función pública por sentenza firme. No caso de nacionais dun Estado estranxeiro, non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública.

2.2. Os aspirantes que concorran ás probas pola quenda de promoción interna deberán reunir, ademais, os seguintes requisitos:

a) Pertencer ó cadro de persoal laboral fixo de calquera das universidades públicas de Galicia.

b) Pertencer a categoría profesional distinta á das prazas convocadas nesta convocatoria.

3. Solicitudes.

3.1. As solicitudes para tomar parte nestas probas selectivas axustaranse ó modelo que figura como anexo IV desta convocatoria e deberán presentarse achegando fotocopia do DNI ou documento acreditativo de ser nacional dun Estado membro da Unión Europea. Ademais, acreditaranse os méritos alegados da seguinte forma:

3.1.1. Os servizos prestados en calquera das universidades públicas de Galicia acreditaranse mediante certificación da xerencia correspondente, referidos á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3.1.2. Os cursos alegados acreditaranse mediante a presentación dos títulos e diplomas correspondentes, copia compulsada ou certificación do órgano competente de estar en condicións de obtelos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3.1.3. A experiencia profesional acreditarase mediante certificación da correspondente unidade de persoal da entidade ou empresa onde prestara servizos.

3.2. As solicitudes dirixiranse ó rector da Universidade de Vigo no prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

3.3. A presentación de solicitudes farase no rexistro xeral da Universidade de Vigo ou segundo as restantes formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os aspirantes non poderán presentar máis dunha solicitude nin solicita-la súa participación nas probas selectivas, simultaneamente, en máis dun sistema de acceso. A contravención dalgunha destas normas determinará a exclusión dos aspirantes.

3.4. Os dereitos de exame serán de 6.880 ptas. e ingresaranse na conta corrente número 2080-0000-74-0040225994, Universidade de Vigo. «Outros ingresos». (Caixavigo, O.P. de Vigo). Na solicitude deberá figura-lo selo da entidade bancaria acreditativo do pagamento dos dereitos de exame; a súa falta determinará a exclusión do aspirante.

En ningún caso a presentación da solicitude e o pagamento na entidade bancaria suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude perante o órgano expresado na base 3.2.

Os dereitos de exame serán reintegrados de oficio ós aspirantes que sexan definitivamente excluídos da realización das probas selectivas así como ós aspirantes pola quenda de acceso xeral libre, no caso de que as prazas convocadas foran cubertas pola quenda de promoción interna. En ambos casos requirirase que na súa instancia cubriren os datos bancarios necesarios para face-la devolución.

3.5. Os aspirantes deberán observa-las seguintes instrucións para cubri-la súa solicitude:

a) No recadro nº 2 destinado a «sistema de provisión», os aspirantes que participen polo sistema de promoción interna sinalarán a letra «P». Os aspirantes que participen polo sistema xeral de acceso libre sinalarán a letra «L».

b) Os aspirantes con minusvalidez solicitarán no recadro nº 8 as adaptacións de tempos e medios que, para a realización das probas, consideren necesarias.

3.6. Os erros de feito que puideran advertirse poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou por pedimento do interesado.

3.7. Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, podendo unicamente demanda-la súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido na base 3.2. para a presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo non se admitirá ningún pedimento desta natureza, agás causa excepcional sobrevida, xustificada e discrecionalmente apreciada polo tribunal.

4. Admisión de aspirantes.

4.1. Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o rector da Universidade de Vigo publicará no taboleiro de anuncios do rectorado, no prazo dun mes, resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con expresión das causas que motivaran a exclusión e o prazo de emenda dos posibles defectos, que será de 10 días

hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da devandita resolución.

4.2. Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

Na resolución definitiva, publicada no rectorado, indicárase así mesmo o lugar, a data e a hora de celebración do primeiro exercicio. Contra esta resolución, trala comunicación a este rectorado, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo de acordo coprevisto na Lei 30/1992.

4.3. En todo caso, co obxecto de evitar erros e, no suposto de se produciren, para posibilita-la súa emenda en tempo e forma, os aspirantes comprobarán fidedignamente non só que non figuran na lista de excluídos, senón que os seus nomes constan correctamente na relación de admitidos.

5. Tribunal.

5.1. O tribunal cualificador destas probas é o que figura no anexo III desta convocatoria e terá a categoría terceira das recollidas no Decreto 299/1990, do 24 de maio (DOG do 1 de xuño).

5.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó rector da universidade, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 ou se tivesen participado en tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas dentro dos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non se encontrar incursos nas circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992.

Así mesmo os aspirantes poderán recusa-los membros do tribunal cando concorran as circunstancias citadas.

5.3. Logo da convocatoria do presidente, constituirase o tribunal coa asistencia do presidente e o secretario, ou de se-lo caso, daqueles que os substitúan, e a metade alomenos dos seus membros. Nesta sesión, o tribunal acordará tódalas decisións que correspondan para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

5.4. Para os efectos de celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a asistencia dos membros do tribunal especificadas no punto anterior.

5.5. O tribunal resolverá tódalas dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ó disposto na Lei 30/1992.

5.6. O tribunal poderá dispoñe-la incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as

probos correspondentes ós exercicios que considere pertinentes, limitándose os ditos asesores a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores deberá comunicarse ó rector da Universidade de Vigo e seralles de aplicación o previsto na base 5.2.

5.7. O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario, de forma que os aspirantes con minusvalidez gocen de similares condicións para realizaren os exercicios có resto dos aspirantes. Para as persoas con minusvalidez que o soliciten na forma prevista na base 3.5.b), estableceranse as adaptacións posibles en tempo e medios.

5.8. O presidente do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios escritos que non deban ser lidos sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos aprobados pola orde do Ministerio da Presidencia do 18 de febreiro de 1985 (BOE do 22), ou calquera outro equivalente. O tribunal excluírá a aqueles opositores que consignen nas follas de exame marcas ou signos que permitan coñecer-la súa identidade.

5.9. Para os efectos de comunicacións e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede no Rectorado da Universidade de Vigo, rúa Areal nº 46, teléfono 986 81 36 36.

5.10. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

5.11. O tribunal, de conformidade co previsto no artigo 22.2º do convenio colectivo, poderá prever-la constitución de listas de espera, segundo a orde de puntuación acadada nas probas, cos aspirantes que non as superaran coa finalidade de atender, mediante contratacións temporais, as vacantes e necesidades que poidan producirse ata a realización da seguinte convocatoria.

6. Desenvolvemento dos exercicios.

6.1. A orde de actuación dos aspirantes iniciárase alfabeticamente polo primeiro da letra «G», de conformidade coa resolución da Consellería da Presidencia e Administración Pública, do 23 de febreiro de 1999 (DOG do 3 de marzo).

6.2. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal coa finalidade de acreditar-la súa identidade.

6.3. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio nun único chamamento sendo excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos de forza maior, debidamente xustificadas e libremente considerados polo tribunal.

6.4. A publicación dos sucesivos anuncios de celebración dos exercicios será efectuada polo tribunal

nos lugares onde se realizara o anterior, así como na sede do tribunal e por calquera outro medio que se xulgue conveniente para facilitar-la súa máxima divulgación, con 48 horas de antelación, polo menos, á data sinalada para o seu inicio.

6.5. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento de que algún dos aspirantes carece dos requisitos esixidos por esta convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá propoñer-la súa exclusión ó rector da Universidade de Vigo, comunicándolle tamén as inexactitudes e falsidades formuladas polo aspirante na súa solicitude para os efectos procedentes.

7. Lista de aprobados.

7.1. Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o tribunal fará pública nos lugares da súa realización e no rectorado a relación de aspirantes que os superasen, con indicación da puntuación obtida e do documento nacional de identidade.

7.2. Rematada a fase de oposición, e para os aspirantes que a superaran, o tribunal fará pública a puntuación obtida na fase de concurso, que en ningún caso poderá sumarse para efectos de superalos exercicios da oposición.

A cualificación final do proceso selectivo virá dada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e de concurso.

No caso de empate na puntuación final, dirimirase a prol do aspirante que obtivese maior puntuación na primeira parte da fase de oposición; de persistir-lo empate, acudirase á puntuación obtida na fase de concurso; en último caso, resolverase a prol do que obtivese a maior puntuación no segundo exercicio da primeira parte da fase de oposición.

O tribunal fará pública para cada sistema de acceso a lista de aspirantes que, segundo a orde de puntuación acadada por cada un deles, fosen seleccionados, que en ningún caso poderá conter un número de candidatos superior ó das prazas convocadas. Os opositores que non se atopen incluídos nas respectivas relacións terán a consideración de non apto para tódolos efectos, único extremo verbo do que o tribunal poderá certificar.

7.3. Rematado o proceso selectivo, o presidente do tribunal presentará ó rector a relación definitiva de aspirantes aprobados, segundo o respectivo sistema de acceso e por orde de puntuación, xunto coa proposta de contratación a prol dos candidatos que superaran o devandito proceso, que se publicará no taboleiro de anuncios do rectorado.

7.4. Os aspirantes seleccionados deberán superar satisfactoriamente un período de proba de seis meses, de conformidade co previsto no artigo 14 do R.D.L. 1/1995 (BOE do 29 de marzo) polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

8. Presentación de documentos.

8.1. No prazo de 20 días naturais a partir do seguinte a aquel no que se fagan públicas as relacións definitivas de aprobados, estes deberán presentar no rexistro xeral da Universidade de Vigo os seguintes documentos:

a) Fotocopia do título de bacharelato superior, formación profesional de segundo grao ou equivalente.

b) Os aspirantes que accedan polo sistema de acceso xeral libre, declaración xurada ou promesa de non ter sido separados mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio da función pública.

c) Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

8.2. Os que tivesen a condición de persoal laboral fixo de calquera universidade pública galega estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para acceder ó seu anterior posto, debendo presentar certificación da universidade correspondente para acreditar tal condición.

8.3. Os que dentro do prazo fixado, agás caso de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 2, non poderán ser contratados como persoal laboral fixo da Universidade de Vigo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

9. Norma derradeira.

Esta convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ademais, a Universidade de Vigo poderá, de se-lo caso, proceder á revisión das resolucións do tribunal consonte o previsto na devandita lei.

Vigo, 23 de decembro de 1999.

Domingo Docampo Amoedo
Rector da Universidade de Vigo

ANEXO I

EXERCICIOS E VALORACIÓN

A. Fase de oposición.

Primera parte.

A primeira parte do proceso selectivo desenvolverase en dous exercicios, obrigatorios e eliminatórios.

Primeiro exercicio: consistirá na realización por escrito dun cuestionario de preguntas tipo test, con

catro respostas alternativas, das que só unha será correcta, baseado no contido da primeira parte do programa (que se relaciona no anexo II).

O tempo máximo de realización deste exercicio será de 180 minutos.

Cualificarase de 0 a 130 puntos. Para superalo será necesario obter 65 puntos.

Cada resposta errónea descontará sobre o valor da resposta acertada:

-Un 33% no primeiro 10% de respostas erróneas, sobre o total das preguntas formuladas.

-Un 50% no segundo 10% de respostas erróneas, sobre o total das preguntas formuladas.

-Un 67% nas restantes respostas erróneas, sobre o total das preguntas formuladas.

Segundo exercicio: consistirá na resolución dunha serie de supostos prácticos ou a realización de exercicios prácticos, baseados no contido da primeira parte do programa.

Cualificarase de 0 a 130 puntos, sendo necesario obter 65 puntos para superalo.

Segunda parte.

a) Quenda de promoción interna:

Exercicio único: consistirá na tradución dun texto do castelán ó galego. Terá carácter selectivo e non eliminatório.

Cualificarase ata un máximo de 20 puntos. O tempo máximo de realización será de 30 minutos.

b) Acceso xeral libre:

Primeiro exercicio: consistirá en traducir do inglés ou francés ó castelán (á elección do aspirante) e auxiliados de dicionario, un texto facilitado polo tribunal. Este exercicio terá carácter selectivo e non eliminatório.

Cualificarase ata un máximo de 20 puntos. O tempo máximo de realización será de 30 minutos.

Segundo exercicio: consistirá en dar forma e traducir ó galego un texto en castelán facilitado polo tribunal mediante un procesador de textos (Word 6.0., Word 7.0. ou Wordperfect 6.x.) á elección do candidato. Terá carácter selectivo e non eliminatório.

Cualificarase ata un máximo de 20 puntos. O tempo máximo de realización será de 30 minutos.

Terceiro exercicio: consistirá en responder por escrito a un cuestionario de preguntas tipo test, con catro respostas alternativas, das que só unha será correcta, baseado no contido da segunda parte do programa. Cada resposta errónea descontará de acordo coas regras establecidas para o primeiro exercicio da primeira parte. Terá carácter selectivo e non eliminatório.

Cualificarase ata un máximo de 20 puntos. O tempo máximo de realización será de 30 minutos.

B. Fase de concurso.

Cualificarase ata un máximo de 80 puntos. A valoración da fase de concurso realizarase do seguinte xeito:

Quenda de promoción interna.

1. Antigüidade en postos de categoría distinta ós convocados, en calquera das universidades públicas de Galicia, a razón de 1 punto por mes traballado, ata un máximo de 40 puntos.

2. Cursos de formación e perfeccionamento, impartidos por centros e organismos docentes ou investigadores públicos e que estean directamente relacionados cos temas incluídos na primeira parte do programa. Os certificados de asistencia valoraranse con 2 puntos e os de aptitude con 5 puntos, ata un máximo de 20 puntos.

3. Entrevista. Valorarase ata un máximo de 20 puntos.

Quenda de acceso xeral libre:

1. Experiencia en postos de traballo da mesma categoría ou equivalente. Valorarase a razón de 1 punto por mes traballado ata un máximo de 40 puntos.

2. Cursos de formación e perfeccionamento, impartidos por centros e organismos docentes ou investigadores públicos e que estean directamente relacionados cos temas incluídos na primeira parte do programa. Os certificados de asistencia valoraranse con 2 puntos e os de aptitude con 5 puntos, ata un máximo de 20 puntos.

3. Entrevista. Valorarase ata un máximo de 20 puntos.

ANEXO II**PROGRAMA****Primeira parte.****Bloque I:****I.1. Espectroscopía de absorción atómica.**

1. Fundamentos da absorción atómica.

2. Compoñentes do espectrómetro de absorción atómica: fontes de radiación, atomizadores, sistemas ópticos, detectores, etc.

3. Nocións básicas sobre técnica da chama: mecanismo de atomización, interferencias.

4. Nocións básicas sobre: técnica da cámara de grafito.

5. Nocións básicas sobre: técnica do xerador de hidruros.

6. Seguridade e mantemento dos equipos de absorción atómica.

7. Seguridade e protección no traballo.

8. Preparación de mostras. Tipos de dixestións.

9. Formas de expresa-la concentración.

I.2. Difracción de raios X.

1. Orixe dos raios X.

2. Compoñentes do espectrómetro de difracción de raios X: fontes dos raios X, monocromadores de raios X, detectores de raios X, etc.

3. Principios fundamentais da difracción.

4. Difractómetros de raios X.

5. Seguridade e mantemento dos equipos de difracción de raios X.

6. Seguridade e protección no traballo.

7. Preparación de mostras:

-Preparación de mostras pulverulentas: moenda, peneirado, etc.

-Preparación de mostras orientadas.

I.3. Fluorescencia de raios X.

1. Orixe dos raios X.

2. Compoñentes do espectrómetro de difracción de raios X: fontes dos raios X, monocromadores de raios X, detectores de raios X, etc.

3. Análise cualitativa e cuantitativa (métodos).

4. Seguridade e mantemento dos equipos de fluorescencia de raios X.

5. Seguridade e protección no traballo.

6. Preparación de mostras: metais, pos, perlas.

Bloque II.**II.1. Expectrometría de masas.**

1. Fundamentos da espectrometría de masas.

2. Compoñentes do espectrómetro de masas e as súas funcións: sistemas de baleiro, detectores, etc.

3. Sistemas de ionización.

4. Diferencias entre os distintos tipos de analizadores.

5. Fundamentos da cromatografía de gases-espectrometría de masas.

6. Fundamentos da cromatografía de líquidos-espectrometría de masas.

7. Condicións xerais de seguridade e mantemento dos equipos de espectrometría de masas.

8. Seguridade e protección no traballo.

9. Preparación de mostras:

-Extracción líquido-líquido.

-Extracción en fase sólida.

-Extracción con microdiscos.

II.2. Cromatografía de gases e líquidos.

1. Fundamentos de cromatografía.
 2. Compoñentes dun cromatógrafo de gases.
 3. Compoñentes dun cromatógrafo de líquidos.
 4. Condicións xerais de seguridade e mantemento dos equipos de cromatografía.
 5. Seguridade e protección no traballo.
 6. Preparación de mostras:
 - Extracción líquido-líquido.
 - Extracción en fase sólida.
 - Extracción con microdiscos.
- ## II.3. Espectroscopía de resonancia magnética nuclear.

1. Fundamentos da resonancia magnética nuclear. RMN de pulsos.
2. Compoñentes do espectrómetro de RMN: imán, sonda shims, etc.
3. Seguridade e mantemento dos equipos de espectroscopía de RMN.
4. Seguridade e protección no traballo.
5. Métodos experimentais básicos: manexo de mostras. Desgasificación.

Bloque III.

III.1. Espectroscopia FT-IR E UV-VIS.

1. Fundamentos da espectroscopia IR: vibracións moleculares.
2. Compoñentes dun espectrómetro de IR: fontes de radiación, selección de lonxitudes de onda, detectores, etc.
3. Aplicacións cualitativas e cuantitativas da espectroscopia IR.
4. Fundamentos da espectroscopia UV-VIS.
5. Compoñentes do espectrómetro de UV-VIS: fontes de radiación, filtros, monocromadores, detectores, etc.
6. Condicións xerais de seguridade e mantemento dos equipos de espectroscopia IR e UV-VIS.
7. Seguridade e protección no traballo.
8. Preparación de mostras: pastillas, films.

III.2. Análise elemental.

1. Fundamentos da técnica.
2. Compoñentes dun analizador elemental e as súas funcións.
3. Condicións xerais de seguridade e mantemento dos equipos de análise elemental.

4. Seguridade e protección no traballo.

5. Preparación de mostras: homoxeneización, pesado, etc.

III.3. Técnicas radioquímicas.

1. Fundamentos da medida de radioactividade beta e gamma.
 2. Condicións xerais de seguridade e mantemento dos equipos.
 3. Seguridade e protección no traballo.
- Segunda parte.

1. Réxime xurídico da Universidade de Vigo: Lei de reforma universitaria e estatutos da Universidade de Vigo. Estructura e órganos da Universidade de Vigo.

2. Réxime xurídico do persoal laboral ó servizo da Universidade de Vigo: III convenio colectivo do persoal laboral das universidades públicas de Galicia.

ANEXO III

TRIBUNAL

Titular:

Presidente: Jorge Millos Alfeirán, titulado superior en análise instrumental da Universidade de Vigo.

Vocais:

Ángel Rodríguez de Lera, catedrático de universidade da Universidade de Vigo.

Carlos Bendicho Hernández, profesor titular de universidade da Universidade de Vigo.

Carlos Román Lago, en representación do comité de empresa.

Luis Pérez Gómez, en representación do comité de empresa.

Secretaria: Esther Aмосa Mendoza, xefa de negociado da Universidade de Vigo, que actuará con voz e sen voto.

Suplente:

Presidenta: Sonia Escudero Marínez, titulada superior en análise instrumental da Universidade de Vigo.

Vocais:

Jorge Bravo Bernárdez, profesor titular de universidade da Universidade de Vigo.

Teresa Iglesias Randulfe, profesora titular de universidade da Universidade de Vigo.

Cándido Pérez Betanzos, en representación do comité de empresa.

Mercedes Alonso Alonso, en representación do comité de empresa.

Secretario: Jesús Andrés Iglesias, secretario vicerrectorado da Universidade de Vigo, que actuará con voz e sen voto.



ANEXO IV

UNIVERSIDADE
DE VIGO

MODELO DE SOLICITUDE

CONVOCATORIA

1. Categoría TE ANÁLISE INSTRUMENTAL		2. Sistema de provisión	
3. Órgano convocante UNIVERSIDADE DE VIGO		4. Data DOG	5. Localidade de exame VIGO
		6. Minusvalidez %	
7. Reserva para discapacitados	8. En caso de minusvalidez ou discapacidade, adaptación que se solicita e motivo da mesma.		

DATOS PERSOAIS

9.DNI		10. Primeiro apelido		11. Segundo apelido		12. Nome	
13. Data de nacemento		14. Sexo (sinállese cunha cruz) Home Muller		15. Provincia de nacemento		16. Localidade de nacemento	
17. Teléfono con prefixo		18. Enderezo: rúa ou praza e nº					19. Código postal
20. Municipio				21. Provincia		22. País	

TÍTULOS ACADÉMICOS OFICIAIS

23. Esixido na convocatoria		Centro de expedición	
24. Outros títulos oficiais		Centro de expedición	

DATOS QUE HAI QUE CONSIGNAR SEGUNDO AS BASES DA CONVOCATORIA

25.

De procede-lo reintegro dos dereitos de exame, solicito que se transfira á conta (indíquense os 20 díxitos): -
-----, do banco/caixa -----

O/A abaixo asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas a que se refire esta instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso á función pública e as especialmente sinaladas na convocatoria anteriormente citada, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

En de de 2000
(sinatura)

RECTOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Este impreso non será válido sen o selo ou impresión mecánica da oficina Bancaria.

Ingreso na conta nº 2080-0000-74-0040225994
Universidade de Vigo "outros ingresos"
Caixavigo, O.P.-Vigo

Importe: 6.880 ptas.

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚMERO UN DA CORUÑA

Edicto (385/1999-3).

Pilar Cancela Ramírez de Arellano, secretaria xudicial do Xulgado do Contencioso-Administrativo número un da Coruña, fai saber:

Que en virtude do acordado por providencia desta data, recaída nos autos de procedemento abreviado número 385/1999-3, notifícase a Yolanda Álvarez Expósito, a providencia de data 4-5-1999 dictada neles, da cal contido é como segue:

Providencia maxistrado-xuíz.

Sr. Ramírez Sineiro.

A Coruña, 4 de maio de 1999.

Pola que S.S^a tendo en conta os autos número 385/1999 do Xulgado do Contencioso-Administrativo número un da Coruña e antes de admiti-la demanda a trámite, acorda notificar á parte actora que entrando en vigor a Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta (BOE 793, do 12), a solicitude de designación de avogado e procurador de quenda de oficio, deberá formulala perante o Colexio de Avogados da Coruña (edificio novos xulgados, r/ Monforte, s/n 4^a planta), co obxecto de que a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta poida proceder ó estudio da mesma e decidir se concorren ou non os requisitos para a obtención da dita asistencia.

Todo iso co apercebimento de que no caso de non presenta-la solicitude dentro do prazo de trinta días, contados a partir da notificación da presente, procederáse sen máis trámite ó arquivo das actuacións, debéndose acreditar perante este Xulgado do Contencioso-Administrativo a efectiva presentación da dita solicitude dentro dos dez (10) días seguintes ó remate do anterior prazo.

Dilixencia: seguidamente dáse cumprimento ó anteriormente acordado, do que como titular da súa secretaría, dou fe. Lugar e data ut supra.

E para que sirva de notificación á recorrente Yolanda Álvarez Expósito en paradiro descoñecido, expido este edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 9 de decembro de 1999.

O secretario
Rubricado

Edicto (791/1999-3).

Pilar Cancela Ramírez de Arellano, secretaria xudicial do Xulgado do Contencioso-Administrativo número un da Coruña, fai saber:

Que en virtude do acordado por providencia desta data, recaída nos autos de procedemento abreviado

núm. 791/1999-3, notifícase á entidade *3S Control y Servicios, S.L.*, o auto de data 9-12-1999 dictado neles, do cal encabezamento e parte dispositiva é como segue:

Auto: Na Coruña, 9 de decembro de 1999.

Antecedentes de feito.

1. Promovéronse estas actuacións -por demais constitutivas de autos número 791/1999-3 do Xulgado do Contencioso-Administrativo número un desta capital-, pola entidade *3S Control y Servicios, S.L.* en calidade de parte recorrente, contra aquela precedente resolución de data 2 de marzo de 1999 dictada pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e que agora consta desde logo referenciada en autos.

2. En calquera caso, a dita referida parte recorrente omitiu ó promove-las presentes actuacións formula-la correspondente demanda, de forma que se ditou aquela precedente providencia que agora consta nas mesmas actuacións, outorgándosele aquel ulterior e correspondente prazo de emenda por termo de dez (10) días para o efecto legalmente establecido e baixo expresa advertencia, no caso de persistir aquela referida omisión unha vez excedido o mesmo, de arquivo por caducidade desta vía xurisdiccional contencioso-administrativa outrora para o efecto promovida.

3. Consta pois agora en autos oportuna dilixencia expedida polo titular da secretaría deste xulgado pola que se acredita o transcurso daquel referido prazo anteriormente mencionado sen que desde logo emendase por aquela parte promovente aquela omisión antes referenciada.

Acórdase: declara-la caducidade daquel referido recurso xurisdiccional contencioso-administrativo outrora promovido por aquela parte recorrente antes aludida.

Notifíquese a presente resolución ás correspondentes partes comparecidas en debida forma e signifíqueselle-lo dereito que as asiste de interpoñer eventual recurso de apelación no prazo de quince días (15), contados a partir do día seguinte á súa correspondente notificación, perante este mesmo órgano xurisdiccional unipersoal contencioso-administrativo aquí radicado e perante a Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia igualmente residenciado nesta capital.

Mándao e asínao o maxistrado-xuíz titular do Xulgado do Contencioso-Administrativo número un da Coruña José Manuel Ramírez Sineiro.

Dilixencia: seguidamente cúmprese o acordado do que, como titular da súa secretaría dou fe.

E para que sirva de notificación á entidade recorrente *3S Control y Servicios, S.L.* en paradiro descoñecido, expido este edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 15 de decembro de 1999.

O secretario
Rubricado

VI. ANUNCIOS**a) DA ADMINISTRACIÓN
AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*Resolución do 1 de decembro de 1999,
da Secretaría Xeral para o Deporte, pola
que se fan públicas diversas adxudica-
cións de contratos administrativos.*

En cumprimento do disposto no artigo 94.2º da Lei 13/1995, do 18 de maio, e 119 do Regulamento xeral de contratación do Estado, esta secretaría acordou darlles publicidade ás adxudicacións dos contratos administrativos que se relacionan.

Forma de adxudicación: a totalidade dos contratos que a seguir se identifican foron adxudicados, logo de tramitación do correspondente expediente administrativo, mediante procedemento aberto e forma de adxudicación de concurso público, ó abeiro do disposto nos artigos 74 e 75 da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas.

A) Contratos administrativos de obras.

1. Resolución de licitación: 27 de agosto de 1999.
(DOG nº 171, do 3 de setembro).

1.1. Obxecto do contrato:

Reparación de cubertas nas instalacións do INEF de Galicia en Bastiagueiro, no concello de Oleiros (A Coruña).

Adxudicatario: *A. y R. Gómez Crespo, S.L.*

Importe adxudicación: 26.896.014 ptas.

Prazo de execución: 7 semanas.

Data da resolución: 27 de setembro de 1999.

2. Resolución de licitación: 22 de xullo de 1999.
(DOG nº 145, do 29 de xullo).

1.1. Obxecto do contrato:

Construcción dunha pista de atletismo no concello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

Adxudicatario: *Imaga Proyectos y Construcciones, S.A.*

Importe adxudicación: 241.193.172 ptas.

Prazo da execución: dezaseis (16) meses.

Data da resolución: 6 de setembro de 1999.

B) Contrato administrativo de subministracións.

1. Resolución de licitación: 25 de agosto de 1999.
(DOG nº 168, do 31 de agosto).

1.1. Obxecto do contrato:

Adquisición de equipamento deportivo da pista de atletismo no complexo deportivo de Monterrei, O Pereiro de Aguiar (Ourense).

Adxudicatario: *Moype Sport, S.A.*

Importe adxudicación: 3.448.796 ptas.

Prazo da execución: vintecinco (25) días.

Data da resolución: 27 de setembro de 1999.

2. Resolución de licitación: 16 de xullo de 1999.
(DOG nº 154, do 11 de agosto).

2.1. Obxecto do contrato:

Adquisición de equipamento deportivo lotes I (pavillón polideportivo de Baralla), II (pavillón polideportivo de Covelo), III (pavillón polideportivo de Oourol) e V (pavillón polideportivo de Noia).

Adxudicatario: *Mundo Ibérica, S.A.*

Importe adxudicación: 2.186.085 ptas.

Prazo da execución: quince (15) días.

Data da resolución: 27 de setembro de 1999.

3. Resolución de licitación: 16 de xullo de 1999.
(DOG nº 154, do 11 de agosto).

3.1. Obxecto do contrato:

Adquisición de equipamento deportivo lote IV (pavillón polideportivo de Moaña) (Pontevedra).

Adxudicatario: *Galván Sport, S.L.*

Importe adxudicación: 1.785.979 ptas.

Prazo da execución: trinta e cinco (35) días.

Data da resolución: 27 de setembro de 1999.

4. Resolución de licitación: 16 de xullo de 1999.
(DOG nº 154, do 11 de agosto).

4.1. Obxecto do contrato:

Adquisición de equipamento deportivo dos lotes VI (pavillón polideportivo de Sanxenxo) e VII (pavillón polideportivo de Rois).

Adxudicatario: *Equipamientos Deportivos, S.A.* (Equidesa).

Importe adxudicación: 2.259.680 ptas.

Prazo da execución: trinta (30) días.

Data da resolución: 27 de setembro de 1999.

C) Contrato privado de seguro (póliza) de accidentes deportivos e asistencia sanitaria.

1. Resolución de licitación: 18 de agosto de 1999.
(DOG nº 159, do 18 de agosto).

1.1. Obxecto do contrato:

Contrato privado de seguro (póliza) que terá por obxecto garanti-la asistencia sanitaria no caso de accidente deportivo motivado polo feito ou con ocasión do exercicio da actividade deportiva e as indemnizacións por perdas anatómicas ou funcionais.

Adxudicatario: *Asistencia Sanitaria Interprofesional, S.A.* (Asisa).

Importe adxudicación: 20.328.000 ptas.

Período de vixencia: do 1 de outubro de 1999 ata o 15 de setembro de 2000, ámbolos dous inclusive.

Data da resolución: 27 de setembro de 1999.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 1999.

P.D. (Orde 22-2-1999)
Eduardo Lamas Sánchez
Secretario xeral para o Deporte

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Anuncio do 24 de novembro de 1999, do recadador de zona da Coruña, polo que se relacionan procedementos de constrinximento pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan (Áridos de Pardiñas, S.A. e cento setenta e tres máis).

De conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, modificado polo artigo 28 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, relaciónanse procedementos de constrinximento pendentes de notificar, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, e emprázanse os interesados que se sinalan no anexo para seren notificados por comparecencia.

A comparecencia deberá efectuarse perante o órgano de tramitación (zona de recadación da Coruña, rúa Comandante Fontanes 17-1º A, A Coruña) no prazo de dez días contados desde o seguinte ó da publicación deste anuncio.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ó do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

A Coruña, 24 de novembro de 2000.

Nazarío Villalva Montero
Recadador de zona da Coruña

ANEXO

PROVIDENCIA	INTERESADO	NIF	OBXECTO DA DÉBEDA
98/15011432-6	ÁRIDOS DE PARDIÑAS, S.A.	A15106297	SANCIÓN EXP.: 1991/OR381 P.TER. O.P. E V.
98/15011433-7	ÁRIDOS DE PARDIÑAS, S.A.	A15106297	SANCIÓN EXP.: 1991/OR382 P.TER. O.P. E V.
98/15011434-8	ÁRIDOS DE PARDIÑAS, S.A.	A15106297	SANCIÓN EXP.: 1991/OR465 P.TER. O.P. E V.
98/15011091-6	ÁRIDOS Y DRAGADOS RÍAS ALTAS, S.A.	A15107972	SANCIÓN EXP.: 1992/XC913 P.TER. O.P. E V.
98/15009329-4	BAYOLO REY, JUAN	32596137P	SANCIÓN EXP.: 1996/C1469 PES.MARIS.E ACU.
98/15022112-5	BOLLO RODRÍGUEZ, JUAN CARLOS	32670925T	SANCIÓN EXP.: 1997/C917 PES.MARIS.E ACU.
98/15022194-0	BOLLO RODRÍGUEZ, JUAN CARLOS	32670925T	SANCIÓN EXP.: 1997/C1376 PES.MARIS.E ACU.
98/15022195-0	BOLLO RODRÍGUEZ, JUAN CARLOS	32670925T	SANCIÓN EXP.: 1997/C1381 PES.MARIS.E ACU.
98/15022196-1	BOLLO RODRÍGUEZ, JUAN CARLOS	32670925T	SANCIÓN EXP.: 1997/C1380 PES.MARIS.E ACU.

PROVIDENCIA	INTERESADO	NIF	OBXECTO DA DÉBEDA
98/15027556-4	BOLLO RODRÍGUEZ, JUAN CARLOS	32670925T	SANCIÓN EXP.: 1997/C753 PES.MARIS.E ACU.
99/15002882-4	BOLLO RODRÍGUEZ, JUAN CARLOS	32670925T	SANCIÓN EXP.: 1997/C1389 PES.MARIS.E ACU.
99/15002887-9	BOLLO RODRÍGUEZ, JUAN CARLOS	32670925T	SANCIÓN EXP.: 1997/C1424 PES.MARIS.E ACU.
99/15002889-0	BOLLO RODRÍGUEZ, JUAN CARLOS	32670925T	SANCIÓN EXP.: 1997/C1429 PES.MARIS.E ACU.
99/15002890-1	BOLLO RODRÍGUEZ, JUAN CARLOS	32670925T	SANCIÓN EXP.: 1997/C1439 PES.MARIS.E ACU.
99/15002893-4	BOLLO RODRÍGUEZ, JUAN CARLOS	32670925T	SANCIÓN EXP.: 1997/C1463 PES.MARIS.E ACU.
99/15002894-5	BOLLO RODRÍGUEZ, JUAN CARLOS	32670925T	SANCIÓN EXP.: 1997/C1466 PES.MARIS.E ACU.
99/15003023-2	BOLLO RODRÍGUEZ, JUAN CARLOS	32670925T	SANCIÓN EXP.: 1997/C1221 PES.MARIS.E ACU.
99/15003042-0	BOLLO RODRÍGUEZ, JUAN CARLOS	32670925T	SANCIÓN EXP.: 1997/C1301/ PES.MARIS.E ACU.
98/15011604-2	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1992/C938 PES.MARIS.E ACU.
98/15011605-3	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1992/C939 PES.MARIS.E ACU.
98/15011606-4	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1992/C940 PES.MARIS.E ACU.
98/15011615-2	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1992/C1269 PES.MARIS.E ACU.
98/15011620-7	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1992/C1366 PES.MARIS.E ACU.
98/15011626-2	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1992/C1375 PES.MARIS.E ACU.
98/15011647-1	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1992/C1605 PES.MARIS.E ACU.
98/15011649-3	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1992/C1695 PES.MARIS.E ACU.
98/15011650-4	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1992/C1716 PES.MARIS.E ACU.
98/15011675-7	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1992/C1493 PES.MARIS.E ACU.
98/15011676-8	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1992/C1494 PES.MARIS.E ACU.
98/15011883-6	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1992/C1715 PES.MARIS.E ACU.
98/15011964-0	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1993/C497 PES.MARIS.E ACU.
98/15011965-0	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1993/C499 PES.MARIS.E ACU.
98/15027520-1	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1997/C536 PES.MARIS.E ACU.
98/15027521-2	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1997/C544 PES.MARIS.E ACU.
99/15003089-2	CARNERO ROCHELA, JUAN MANUEL	32637689E	SANCIÓN EXP.: 1996/C1605 PES.MARIS.E ACU.
99/15002881-3	FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, FRANCISCO	32643363S	SANCIÓN EXP.: 1997/C1383 PES.MARIS.E ACU.
98/15022472-2	FORMIGO TRANS, S.L.	B15407695	SANCIÓN EXP.: 1997/XC003780 P.TER. O.P. E
98/15021841-9	JIMÉNEZ GARCÍA, ALBERTO JESÚS	32684652L	SANCIÓN EXP.: 1997/C1167 PES.MARIS.E ACU.
98/15021969-5	JIMÉNEZ GARCÍA, ALBERTO JESÚS	32684652L	SANCIÓN EXP.: 1997/C1227 PES.MARIS.E ACU.
98/15021980-5	JIMÉNEZ GARCÍA, ALBERTO JESÚS	32684652L	SANCIÓN EXP.: 1997/C1304 PES.MARIS.E ACU.
98/15022023-4	JIMÉNEZ GARCÍA, ALBERTO JESÚS	32684652L	SANCIÓN EXP.: 1997/C1458 PES.MARIS.E ACU.
98/15022066-3	JIMÉNEZ GARCÍA, ALBERTO JESÚS	32684652L	SANCIÓN EXP.: 1997/C1447 PES.MARIS.E ACU.
98/15010158-8	LEONARDO LÓPEZ, FRANCISCO J.	76404457K	SANCIÓN EXP.: 1997/C585 PES.MARIS.E ACU.
98/15012046-4	LEONARDO LÓPEZ, FRANCISCO J.	76404457K	SANCIÓN EXP.: 1993/C684 PES.MARIS.E ACU.
99/15003104-6	LEONARDO LÓPEZ, FRANCISCO J.	76404457K	SANCIÓN EXP.: 1997/C1900 PES.MARIS.E ACU.
98/15022542-6	MADISA S.A.L.	A15385982	SANCIÓN EXP.: 1997/XC336 P.TER. O.P. E V.
98/15009323-9	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1996/C1431 PES.MARIS.E ACU.
98/15009355-8	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1996/C1615 PES.MARIS.E ACU.
98/15010055-4	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1997/C368 PES.MARIS.E ACU.
98/15013293-8	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C486 PES.MARIS.E ACU.
98/15013322-4	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C603 PES.MARIS.E ACU.
98/15013386-2	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C829 PES.MARIS.E ACU.
98/15013613-9	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C909 PES.MARIS.E ACU.
98/15013775-6	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1995/C094 PES.MARIS.E ACU.
98/15013864-7	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C989 PES.MARIS.E ACU.
98/15013866-9	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C991 PES.MARIS.E ACU.

PROVIDENCIA	INTERESADO	NIF	OBXECTO DA DÉBEDA
98/15013867-0	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C992 PES.MARIS.E ACU.
98/15013896-6	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C1124 PES.MARIS.E ACU.
98/15013900-0	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C1129 PES.MARIS.E ACU.
98/15013909-8	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C1144 PES.MARIS.E ACU.
98/15013975-8	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C1473 PES.MARIS.E ACU.
98/15013991-2	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C1492 PES.MARIS.E ACU.
98/15014002-2	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C1561 PES.MARIS.E ACU.
98/15014007-7	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C1573 PES.MARIS.E ACU.
98/15014012-1	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C1578 PES.MARIS.E ACU.
98/15014020-9	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C1592 PES.MARIS.E ACU.
98/15014037-4	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C1614 PES.MARIS.E ACU.
98/15014045-1	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C1625 PES.MARIS.E ACU.
98/15014054-0	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C1635 PES.MARIS.E ACU.
98/15014055-0	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C1636 PES.MARIS.E ACU.
98/15014059-4	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C1640 PES.MARIS.E ACU.
98/15014062-7	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C1644 PES.MARIS.E ACU.
98/15014072-6	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C1656 PES.MARIS.E ACU.
98/15014430-1	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1995/C068 PES.MARIS.E ACU.
98/15014441-1	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1995/C085 PES.MARIS.E ACU.
98/15014448-8	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1995/C122 PES.MARIS.E ACU.
98/15014499-4	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C925 PES.MARIS.E ACU.
98/15014509-3	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C935 PES.MARIS.E ACU.
98/15014517-0	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C947 PES.MARIS.E ACU.
98/15014519-2	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C951 PES.MARIS.E ACU.
98/15014598-4	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1994/C412 PES.MARIS.E ACU.
98/15015153-9	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1995/C555 PES.MARIS.E ACU.
98/15015168-2	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1995/C534 PES.MARIS.E ACU.
98/15015179-2	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1995/C475 PES.MARIS.E ACU.
98/15015191-3	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1995/C447 PES.MARIS.E ACU.
98/15015216-6	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1995/C593 PES.MARIS.E ACU.
98/15015226-5	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1995/C630 PES.MARIS.E ACU.
98/15015354-1	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1995/C322 PES.MARIS.E ACU.
98/15015365-1	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1995/C363 PES.MARIS.E ACU.
98/15021812-2	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1997/C1047 PES.MARIS.E ACU.
99/15002885-7	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1997/C1483 PES.MARIS.E ACU.
99/15002922-0	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1997/C1642 PES.MARIS.E ACU.
99/15002923-1	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1997/C1646 PES.MARIS.E ACU.
99/15002925-3	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1997/C1651 PES.MARIS.E ACU.
99/15002927-5	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1997/C1656 PES.MARIS.E ACU.
99/15002928-6	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1997/C1659 PES.MARIS.E ACU.
99/15003012-2	MARTÍNEZ RAÑALES, FERNANDO	32680003Q	SANCIÓN EXP.: 1998/C1170 PES.MARIS.E ACU.
98/15021807-8	MARTINS VARELA, DAVID	32680418V	SANCIÓN EXP.: 1997/C1034 PES.MARIS.E ACU.
98/15022009-1	MARTINS VARELA, DAVID	32680418V	SANCIÓN EXP.: 1997/C1400 PES.MARIS.E ACU.
98/15022011-3	MARTINS VARELA, DAVID	32680418V	SANCIÓN EXP.: 1997/C1404 PES.MARIS.E ACU.
98/15022061-9	MARTINS VARELA, DAVID	32680418V	SANCIÓN EXP.: 1997/C1434 PES.MARIS.E ACU.
99/15002924-2	MARTINS VARELA, DAVID	32680418V	SANCIÓN EXP.: 1997/C1650 PES.MARIS.E ACU.
99/15002926-4	MARTINS VARELA, DAVID	32680418V	SANCIÓN EXP.: 1997/C1654 PES.MARIS.E ACU.

PROVIDENCIA	INTERESADO	NIF	OBXECTO DA DÉBEDA
99/15002969-3	MARTINS VARELA, DAVID	32680418V	SANCIÓN EXP.: 1997/C1863 PES.MARIS.E ACU.
99/15003127-7	MARTINS VARELA, DAVID	32680418V	SANCIÓN EXP.: 1997/C2050 PES.MARIS.E ACU.
98/15027519-0	MOYA LEIRA, MARÍA ROSARIO	32648126V	SANCIÓN EXP.: 1997/C535 PES.MARIS.E ACU.
98/15027522-3	MOYA LEIRA, MARÍA ROSARIO	32648126V	SANCIÓN EXP.: 1997/C546 PES.MARIS.E ACU.
98/15027554-2	MOYA LEIRA, MARÍA ROSARIO	32648126V	SANCIÓN EXP.: 1997/C751 PES.MARIS.E ACU.
99/15003090-3	MOYA LEIRA, MARÍA ROSARIO	32648126V	SANCIÓN EXP.: 1996/C1606 PES.MARIS.E ACU.
99/15003097-0	MOYA LEIRA, MARÍA ROSARIO	32648126V	SANCIÓN EXP.: 1997/C688 PES.MARIS.E ACU.
98/15022484-3	OTERO PEÑA, FRANCISCO	32326065W	SANCIÓN EXP.: 1997/LU008640 P.TER. O.P. E
98/15022550-3	OTERO PEÑA, FRANCISCO	32326065W	SANCIÓN EXP.: 1997/XC475 P.TER. O.P. E V.
98/15022557-0	OTERO PEÑA, FRANCISCO	32326065W	SANCIÓN EXP.: 1997/LU008520 P.TER. O.P. E
98/15022386-4	PEDRA VILA, S.A.	A15227234	SANCIÓN EXP.: 1998/107 XUS.INT.E R.LA.
98/15021765-0	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C780 PES.MARIS.E ACU.
98/15021766-0	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C781 PES.MARIS.E ACU.
98/15021767-1	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C782 PES.MARIS.E ACU.
98/15021772-6	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C801 PES.MARIS.E ACU.
98/15021773-7	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C802 PES.MARIS.E ACU.
98/15021774-8	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C803 PES.MARIS.E ACU.
98/15021775-9	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C804 PES.MARIS.E ACU.
98/15021777-0	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C779 PES.MARIS.E ACU.
98/15021816-6	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C1072 PES.MARIS.E ACU.
98/15021964-0	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C494 PES.MARIS.E ACU.
98/15021990-4	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C1366 PES.MARIS.E ACU.
98/15022040-0	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C1243 PES.MARIS.E ACU.
98/15022042-1	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C1245 PES.MARIS.E ACU.
98/15022071-8	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C1507 PES.MARIS.E ACU.
98/15022072-9	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C1509 PES.MARIS.E ACU.
98/15022073-0	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C1510 PES.MARIS.E ACU.
98/15022080-6	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C1537 PES.MARIS.E ACU.
98/15022081-7	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C1536 PES.MARIS.E ACU.
98/15022187-3	PEREIRO CASTIÑEIRA, MANUEL	76346372B	SANCIÓN EXP.: 1997/C1267 PES.MARIS.E ACU.
98/15021815-5	PLANAS BASTEIRO, JOSÉ LUIS	32667414P	SANCIÓN EXP.: 1997/C1054 PES.MARIS.E ACU.
99/15003025-4	PLANAS BASTEIRO, JOSÉ LUIS	32667414P	SANCIÓN EXP.: 1997/C1231 PES.MARIS.E ACU.
99/15003129-9	PLANAS BASTEIRO, JOSÉ LUIS	32667414P	SANCIÓN EXP.: 1997/C2053 PES.MARIS.E ACU.
98/15021796-8	PRADO CASTELLANOS, FRANCISCO FERNA	32663737B	SANCIÓN EXP.: 1997/C887 PES.MARIS.E ACU.
98/15027558-6	REBORIDO MATO, JORGE	32701010R	SANCIÓN EXP.: 1997/C755 PES.MARIS.E ACU.
98/15027559-7	REBORIDO MATO, JORGE	32701010R	SANCIÓN EXP.: 1997/C759 PES.MARIS.E ACU.
98/15027561-9	REBORIDO MATO, JORGE	32701010R	SANCIÓN EXP.: 1997/C763 PES.MARIS.E ACU.
99/15003026-5	REBORIDO MATO, JORGE	32701010R	SANCIÓN EXP.: 1997/C1232 PES.MARIS.E ACU.
98/15021810-0	RODRÍGUEZ ALONSO, RAMÓN	76403904C	SANCIÓN EXP.: 1997/C1044 PES.MARIS.E ACU.
98/15021840-8	RODRÍGUEZ ALONSO, RAMÓN	76403904C	SANCIÓN EXP.: 1997/C1166 PES.MARIS.E ACU.
98/15021975-0	RODRÍGUEZ ALONSO, RAMÓN	76403904C	SANCIÓN EXP.: 1997/C1236 PES.MARIS.E ACU.
98/15021997-0	RODRÍGUEZ ALONSO, RAMÓN	76403904C	SANCIÓN EXP.: 1997/C1378 PES.MARIS.E ACU.
98/15021998-1	RODRÍGUEZ ALONSO, RAMÓN	76403904C	SANCIÓN EXP.: 1997/C1379 PES.MARIS.E ACU.
98/15022016-8	RODRÍGUEZ ALONSO, RAMÓN	76403904C	SANCIÓN EXP.: 1997/C1465 PES.MARIS.E ACU.
98/15022055-3	RODRÍGUEZ ALONSO, RAMÓN	76403904C	SANCIÓN EXP.: 1997/C1419 PES.MARIS.E ACU.
98/15022059-7	RODRÍGUEZ ALONSO, RAMÓN	76403904C	SANCIÓN EXP.: 1997/C1425 PES.MARIS.E ACU.
98/15022099-3	RODRÍGUEZ ALONSO, RAMÓN	76403904C	SANCIÓN EXP.: 1997/C1652 PES.MARIS.E ACU.

PROVIDENCIA	INTERESADO	NIF	OBXECTO DA DÉBEDA
98/15022234-6	S.F. GALICIA, S.L.	B15455496	SANCIÓN EXP.: 1997/LU1317 P.TER. O.P. E V.
98/15022235-7	S.F. GALICIA, S.L.	B15455496	SANCIÓN EXP.: 1997/LU1458 P.TER. O.P. E V.
98/15022491-0	S.F. GALICIA, S.L.	B15455496	SANCIÓN EXP.: 1997/LU016490 P.TER. O.P. E
98/15022499-7	S.F. GALICIA, S.L.	B15455496	SANCIÓN EXP.: 1997/OU011670 P.TER. O.P. E
98/15022538-2	S.F. GALICIA, S.L.	B15455496	SANCIÓN EXP.: 1997/XC282 P.TER. O.P. E V.
98/15022572-3	S.F. GALICIA, S.L.	B15455496	SANCIÓN EXP.: 1997/OU004090 P.TER. O.P. E
98/15022618-5	S.F. GALICIA, S.L.	B15455496	SANCIÓN EXP.: 1997/LU1499 P.TER. O.P. E V.
99/15003245-4	S.F. GALICIA, S.L.	B15455496	SANCIÓN EXP.: 1998/LU-00136-0 P.TER. O.P.
99/15003246-5	S.F. GALICIA, S.L.	B15455496	SANCIÓN EXP.: 1998/LU-00137-0 P.TER. O.P.
99/15003274-0	S.F. GALICIA, S.L.	B15455496	SANCIÓN EXP.: 1997/PO-01253-0 P.TER. O.P.
99/15003287-2	S.F. GALICIA, S.L.	B15455496	SANCIÓN EXP.: 1997/XC-00997-0 P.TER. O.P.
99/15003288-3	S.F. GALICIA, S.L.	B15455496	SANCIÓN EXP.: 1997/XC-01107-0 P.TER. O.P.
99/15003291-6	S.F. GALICIA, S.L.	B15455496	SANCIÓN EXP.: 1997/XC-01194-0 P.TER. O.P.
98/15021977-2	SANTOS CAMPELLO, JOSÉ ANTONIO	76114278X	SANCIÓN EXP.: 1997/C1238 PES.MARIS.E ACU.
98/15021983-8	SANTOS CAMPELLO, JOSÉ ANTONIO	76114278X	SANCIÓN EXP.: 1997/C1307 PES.MARIS.E ACU.
98/15022058-6	SANTOS CAMPELLO, JOSÉ ANTONIO	76114278X	SANCIÓN EXP.: 1997/C1423 PES.MARIS.E ACU.
98/15022069-6	SANTOS CAMPELLO, JOSÉ ANTONIO	76114278X	SANCIÓN EXP.: 1997/C1464 PES.MARIS.E ACU.
98/15022085-0	SANTOS CAMPELLO, JOSÉ ANTONIO	76114278X	SANCIÓN EXP.: 1997/C1595 PES.MARIS.E ACU.
98/15022100-4	SANTOS CAMPELLO, JOSÉ ANTONIO	76114278X	SANCIÓN EXP.: 1997/C1653 PES.MARIS.E ACU.
98/15022502-0	TSN, S.L.	B15253339	SANCIÓN EXP.: 1997/P0004440 P.TER. O.P. E
98/15024472-0	TSN, S.L.	B15253339	SANCIÓN EXP.: 1997/OU1041 P.TER. O.P. E V.
99/15003271-8	TSN, S.L.	B15253339	SANCIÓN EXP.: 1997/OU-01286-0 P.TER. O.P.
98/15022515-1	TRAMAGAL TRANSPORTES, S.L.	B15345770	SANCIÓN EXP.: 1993/XC525 P.TER. O.P. E V.
98/15022225-8	TRANSPORTES SAN MANUEL, S.L.	B15424377	SANCIÓN EXP.: 1997/XC492 P.TER. O.P. E V.

Anuncio do 21 de decembro de 1999, da Dirección Xeral de Tributos, polo que se relaciona resolución de recurso de reposición pendente de notificar e se empra a interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

De conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, segundo a redacción dada pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relaciónase resolución de recurso de reposición pendente de notificar, depois de intentada a notificación persoal por dúas veces, e emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

Os actos foron adoptados polo Servicio Central de Recadación da Dirección Xeral de Tributos en aplicación do Real decreto 2244/1979, do 7 de setembro, polo que se regula o recurso de reposición previo ó económico-administrativo.

A comparecencia deberá efectuarse, no prazo de dez días contados desde o seguinte ó da publicación deste anuncio, perante o servizo sinalado no parágrafo anterior, con enderezo no edificio da Consellería de Economía e Facenda de San Caetano, soto, en Santiago de Compostela, en horario das 9 ás 14 horas de luns a venres.

Transcorrido o prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ó do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 1999.

María Casais Mira
Directora xeral de Tributos

ANEXO

Interesado: José Antonio Fernández Sánchez (VA-BE-FESA, S.L.).

CIF: B-15.511.728.

Enderezo: Lugar do Río Quintas-O Portazgo nº 29 A Coruña.

Procedemento: resolución de recurso de reposición. Expedientes: 2791/96, 2804/96, 2805/96, 2806/96, 2827/96, 2807/96 e 2026/97.

Recurso: 3/1999.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Edicto do 1 de decembro de 1999, do Servicio Provincial de Estradas da Coruña, sobre cambio de titularidade do predio 81 dos afectados pola expropiación forzosa feita co gallo da obra N/LC/83.4 Ponte e accesos sobre os ríos Pego, Moaves e San Xoán C-543 de Santiago de Compostela a Noia, termo municipal de Santiago de Compostela.

Por resolución do Servicio Provincial de Estradas da Coruña, Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, do 9 de novembro de 1999, acordouse proceder ó cambio de titularidade do predio 81 dos afectados pola expropiación forzosa feita co gallo da obra de clave: N/LC/83.4 Ponte e accesos sobre os ríos Pego, Moaves e San Xoán C-543 de Santiago a Noia, no termo municipal de Santiago de Compostela.

Por este edicto e en cumprimento do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cítase a José Fernández González, do que se descoñece o domicilio, e a cantas persoas poida afectala indicada resolución, co fin de que, no prazo de dez días, a partir da publicación deste edicto, poidan comparecer ante o Servicio Provincial de Estradas da Coruña, para os efectos de coñecer, na súa totalidade, o contido da resolución acordada e realizar, se é o caso, as actuacións que consideren procedentes.

A Coruña, 1 de decembro de 1999.

P.A.
José Luis Rodríguez Alonso
Enxeñeiro xefe

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

Resolución do 20 de setembro de 1999, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/116-2, 5266 A.T.).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 9 do Decreto 2617/1966, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: *Leche Celta, S.A.*

Domicilio social: r/ Polígono Industrial de Meira, 27000 Meira.

Denominación: anteproxecto planta de coxeración *Leche Celta* (Meira).

Situación: Meira.

Descricións técnicas: combustible: gasóleo. Grupo motor: 2 Deutz TBD620V16 de 1.760 kW. Grupo xerador: 2 de 2.100 kVA, 400 V. Transformadores de potencia: 2 de 2.500 kVA 0,4/20 kV. Previsión de enerxía eléctrica cedida á rede: 11.858,6 MWH/ano.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta delegación provincial, no prazo de trinta días.

Lugo, 20 de setembro de 1999.

Jesús Bendaña Suárez
Delegado provincial de Lugo

Resolución do 23 de novembro de 1999, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/196-2, 5317 A.T.).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 9 do Decreto 2617/1966, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: r/ Cidade de Viveiro, 4, 27002 Lugo.

Denominación: L.M.T. e C.T. Latexos.

Situación: Foz.

Descricións técnicas: liña de media tensión subterránea a 20 kV en conductor D.H.V. de 10 m de lonxitude. Centro de transformación de 630 kVA e relación 20.000/380-220 V.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta delegación provincial, no prazo de trinta días.

Lugo, 23 de novembro de 1999.

Jesús Bendaña Suárez
Delegado provincial de Lugo

Resolución do 23 de novembro de 1999, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/199-2, 5319 A.T.).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 9 do Decreto 2617/1966, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: r/ Cidade de Viveiro 4, 27002 Lugo.

Denominación: centro de reparto de Fazouro.

Situación: Foz.

Descricións técnicas: centro de reparto con tensión de entrada a 20 kV, potencia de C.T. máxima de 400 kVA e relación 20.000/380-220 V. Potencia que se vai instalar actual 160 kVA e telemando.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións nesta delegación provincial, no prazo de trinta días.

Lugo, 23 de novembro de 1999.

Jesús Bendaña Suárez
Delegado provincial de Lugo

Resolución do 30 de novembro de 1999, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 99/225-2, 5305 A.T.).

